

O Pleno do Concello de Vilardevós adoptou o acordo de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 31-7-2008.

O expediente municipal foi remitido a esta consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva, tivo entrada no seu rexistro o 12-8-2008.

En virtude do previsto no artigo 85.5º da LOUG, e logo do exame do proxecto e do expediente do plan xeral, así como das actuacións realizadas, o 10-9-2008 requiriuse o Concello de Vilardevós para que corrixisse unha serie de deficiencias observadas na tramitación do expediente administrativo.

Este requirimento foi atendido polo Concello de Vilardevós por escrito que ten entrada nesta consellería o 17-9-2008, para iso presentou:

a) O exemplar do PXOM aprobado polo Pleno o 31-7-2008, debidamente dilixenciado e estendido a toda a documentación que o compón.

b) Informe favorable do 25-2-2008 en materia de estradas da Dirección Xeral de Obras Públicas (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes).

c) Informe favorable do 12-6-2008 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Deporte).

d) Informe do 2-9-2008 da Dirección Xeral de Telecomunicacións (Ministerio de Industria, Turismo e Comercio).

## II. Consideracións e fundamentos.

II.1. A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo eleva un informe-proposta, en que se fan as seguintes consideracións:

Logo de analizar o expediente administrativo e os documentos que integran o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilardevós, infórmase que no plan xeral que presenta o concello aparecen corrixidas as deficiencias sinaladas na Orde do 26-11-2007.

II.2. De conformidade co artigo 89.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e co artigo 1 do Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle á conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

## III. Resolución.

En base ao antedito,

### **RESOLVO:**

1º Outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilardevós, de acordo co punto 5.a) do artigo 85 da LOUG.

2º De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas do plan.

3º Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2008.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas  
e Transportes

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES).*

### Exposición de motivos.

A actividade agraria ten un papel esencial en Galicia, non só polo seu peso produtivo senón -e entre outros factores- pola súa contribución en termos sociais e ambientais e na corrección dos desequilibrios territoriais.

A decisión do Consello (2006/144/CE) relativa ás orientacións estratéxicas comunitarias de desenvolvemento rural para o período 2007-2013 recoñece a especificidade da actividade agraria e afirma que o modelo agrario europeo reflicte o papel multifuncional da agricultura no que atinxe á riqueza e diversidade das paisaxes, dos produtos alimentarios e do patrimonio natural e cultural.

A Consellería do Medio Rural é consciente, por unha banda, das múltiples funcións que desempeñan as explotacións agrarias e do feito de que unha boa parte destas funcións non son remuneradas; e pola outra banda, de que a actividade agraria constitúe a base da xestión da maioría do territorio galego.

Tendo en conta o anterior, preténdense fomentar as producións agrarias sustentables desde o punto de vista ambiental e social, a través do CES, así como mellorar a xestión do territorio rural, potenciar a produción de alimentos sans e de calidade e fixar poboación no rural.

Ademais, por medio do CES preténdese tamén agrupar nunha única convocatoria varias medidas de desenvolvemento rural sustentable previstas no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, de 20 de setembro, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

O contrato de explotación está previsto no Marco Nacional de Desenvolvemento Rural como unha opción dentro dos programas de desenvolvemento rural e defínese como un mecanismo a través do cal se poden xestionar as medidas que se consideren axeitadas dos eixes 1 e 2 do Regulamento (CE) 1698/2005. En particular, o Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro de 2008, establece o que a través do CES xestionaranse as axudas agroambientais e as axudas relativas ao benestar animal incluídas neste programa.

Os agricultores que decidan acollerse a esta modalidade consideraranse prioritarios para a concesión de determinadas axudas de desenvolvemento rural.

As axudas incluídas no CES son as das medidas 214, de axuda aos produtores que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe e 215, de axuda ao benestar dos animais. Tamén se inclúe unha axuda a pequenas explotacións de viñedo, horta, leite e pequenas explotacións extensivas de porcino e aves que se acollan ao CES. Esta axuda está destinada a compensar os custos fixos destas explotacións galegas na adopción do CES e polo seu valor engadido no mantemento da actividade agraria nas zonas rurais e o seu impacto ambiental e paisaxístico. Polo tanto, é preciso establecer unha axuda para compensar estes pequenos produtores, non incluída no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, e que se financiará con axudas *de minimis*.

O Regulamento CE nº 1535/2007 da Comisión relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas, permite outorgar unha axuda aos agricultores de ata 7.500 euros en tres anos para todas as axudas outorgadas polo citado réxime. En calquera caso, os agricultores estarán obrigados de informar das axudas percibidas polo réxime *de minimis* nos últimos tres anos, así como cumprir o resto dos requisitos do citado regulamento e da orde.

De conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que confiren o artigo da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

### DISPOÑO:

#### CAPÍTULO I OBXECTO E CONCEPTOS XERAIS

##### Artigo 1º.-*Obxecto da orde e finalidade.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas

a fomentar modelos sustentables en todas as orientacións produtivas agrarias, que se agruparán baixo a modalidade denominada contrato de explotación sustentable (en diante, CES).

2. Os requisitos xerais do CES e o procedemento de tramitación establécense nos capítulos II e III desta orde. Así mesmo, no anexo I establécense as bases reguladoras específicas de cada unha das axudas incluídas no CES.

3. O CES é un procedemento específico de xestión de axudas dirixidas a fomentar modelos sustentables de produción agro-gandeira, en que os solicitantes deberán cumprir os requisitos comúns e específicos establecidos nesta orde.

4. Co CES, a Consellería do Medio Rural compensa os titulares das explotacións polas funcións sociais e as relacionadas coa protección do medio natural que realizan e que non son remuneradas a través de mecanismos de mercado. A cambio, os beneficiarios asumirán os compromisos que se establecen nesta orde orientados á adopción de sistemas produtivos sustentables.

#### Artigo 2º.-*Definicións.*

Para os efectos desta orde, teranse en conta as seguintes definicións:

1. Titular da explotación: a persoa física ou xurídica que exerce a actividade agraria, organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e as responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivar da xestión da explotación.

2. Agricultor/a moza/o: a persoa física que exerce a actividade agraria que cumprise os dezaioito anos e non teña corenta anos no momento de solicitude.

3. Agricultor/a a título principal: a persoa física que exerce a actividade agraria que obteña, polo menos, o 50% da súa renda total procedente da súa explotación e cuxo tempo de traballo dedicado a actividades non relacionadas coa explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo total.

4. Agricultor/a profesional: a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal, que requira un volume de emprego de, polo menos, unha unidade de traballo anual e que obteña, polo menos, o 25% da súa renda de actividades agrarias.

5. Explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados economicamente polo seu titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

6. Explotación gandeira: para os efectos desta orde a explotación gandeira será aquela explotación agraria que entre os bens e dereitos organizados economicamente integra gando con fins de mercado.

7. Renda de referencia: indicador relativo aos salarios brutos non agrarios no Estado español. A deter-

minación anual da súa contía será feita polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, en concordancia co previsto ao respecto na normativa da Unión Europea e tendo en conta os datos de salarios publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

8. Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado por una persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria. En relación coas unidades de traballo agrario (UTA) da explotación:

1) Cando o titular sexa persoa física, a achega de man de obra acreditarase, segundo os casos, do xeito seguinte:

a) A man de obra familiar da persoa titular, cotitular e familiares que estean afiliados á Seguridade Social, co informe de vida laboral de cada un deles.

b) A man de obra familiar da persoa titular da explotación, ata o segundo grao inclusive, por consanguinidade ou afinidade e, se é o caso, por adopción, que convivan no seu domicilio e estean ao seu cargo, que, estando ocupados na súa explotación, non teñan a obriga de afiliarse ao correspondente réxime da Seguridade Social, poderá estimarse ata un máximo de 0,5 unidades de traballo agrario pola primeira persoa traballadora e 0,25 unidades por cada un dos restantes membros. Esta circunstancia acreditarase mediante declaración xurada de persoa titular solicitante ou por calquera outra forma admitida en dereito, acompañada da copia do DNI de cada un dos familiares, dun informe de vida laboral e do correspondente xustificante de que a persoa ou persoas a que se refire a declaración están ao seu cargo como beneficiarios/as na Seguridade Social e tamén na declaración do IRPF.

c) A man de obra asalariada acreditarase documentalmentemente co DNI, contrato de traballo e informe de vida laboral da empresa.

2) Cando a persoa titular sexa persoa xurídica, computarase unicamente a man de obra achegada polos socios/as asalariadas mediante o informe da súa vida laboral, as súas declaracións do IRPF e os seus certificados de rendementos de traballo; mentres que no caso de asalariados non socios computarase mediante a presentación do DNI, o contrato de traballo e o informe de vida laboral da empresa.

3) No caso de que a persoa titular da explotación sexa unha comunidade de bens, utilizaranse os mesmos criterios para a determinación das UTA que no caso de que a persoa titular sexa unha persoa física.

9. Aves de curral para a produción de carne: animais da especie *Gallus domesticus* criados ou mantidos en cativerio como aves de cría ou de explotación para a produción de carne.

10. Carga gandeira: relación entre o número de UGM e as hectáreas de superficie con aproveitamento gandeiro da explotación, incluídas as de aproveitamento comunal a que teña dereito. Dentro das axudas a produtores agrarios que establezan métodos de

produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe, só se comprobará que a carga gandeira non supera o valor máximo establecido naquelas solicitudes que conteñan algunha das subseccións gandeiras.

11. Explotación avícola de carne: calquera instalación, construción ou, no caso das explotacións ao aire libre, calquera lugar utilizado para a cría ou tenza de aves de curral para produción de carne.

12. Unidade mínima de cultivo agroambiental (UMCA): a referencia para determinar a superficie agroambiental a partir da cal os custos totais unitarios tenden a diminuír conforme medra o número de hectáreas cultivadas. A superficie agraria da UMCA será de 20 hectáreas para os efectos de calcular o importe da prima agás para a apicultura ecolóxica, que será de 25 ha e para a apicultura para a mellora da biodiversidade en zonas fráxiles que será de 300 hectáreas.

## CAPÍTULO II

### REQUISITOS DO CES E AXUDAS INCLUÍDAS

#### Artigo 3º.-*Liñas de axuda.*

As axudas incluídas no CES son as seguintes:

1. Axudas previstas no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, financiadas con fondos do Feader:

a) Medida relativa ao benestar dos animais. Pretende fomentar o benestar animal máis alá do obrigado pola normativa vixente. Divídese en dúas submedidas:

1º Sistemas de explotación de avicultura de curral de carne.

2º Sistemas de explotación de cría de cebo de porcino ao aire libre.

b) Medida de axuda aos produtores que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe (axudas agroambientais). Está integrada polas seguintes submedidas:

1º Variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética.

2º Control integrado e produción integrada.

3º Agricultura e gandaría ecolóxica.

4º Loita contra a erosión en medios fráxiles.

5º Mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción.

6º Utilización racional de recursos forraxeiros.

7º Apicultura para a mellora da biodiversidade en zonas fráxiles.

8º Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos incluídas na Rede Natura 2000.

2. Axuda complementaria para solicitantes do CES. Esta axuda será financiada con fondos propios

de acordo co Regulamento (CE) 1535/2007 da Comisión, de 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse ao CES, e ser polo tanto beneficiarios das axudas previstas nestas bases reguladoras, os titulares de explotacións agrarias que se comprometan a cumprir durante un período mínimo de 5 anos, agás causa de forza maior, os requisitos de carácter xeral establecidos no artigo 5 e os compromisos relativos a cada medida segundo o anexo I.

2. As axudas ao benestar dos animais e as submedidas 5º, 6º, 7º e 8º das axudas agroambientais, así como as primas de ganaría ecolóxica ou apicultura ecolóxica ou, se é o caso, en transición á ganaría ecolóxica ou á apicultura ecolóxica da submedida 3º, beneficiarán unicamente a titulares de explotacións gandeiras.

Artigo 5º.-*Requisitos de carácter xeral.*

Todos os solicitantes de axudas do CES deben cumprir os seguintes requisitos:

1. Manter a actividade agraria durante un período mínimo de 5 anos desde a data de concesión.

2. Segundo o tipo de titular os requisitos son os seguintes:

a) No caso de que o titular sexa unha persoa física:

1º Ser agricultor profesional no caso das explotacións gandeiras.

2º Nas explotacións agrícolas, cando menos, o 25% da renda total procederá de actividades agrarias ou complementares e deberá ter, polo menos, 0,5 UTA.

3º No caso de non verificarse ningunha das condicións anteriores deberán ocupar, cando menos, 1 UTA.

b) No caso de que o titular sexa unha persoa xurídica, cando menos o 50% dos socios deberán cumprir os requisitos para as persoas físicas indicados na letra a), ou, no seu defecto, ser microempresas do sector agrario radicadas en Galicia e que empreguen cando menos 1 UTA.

c) As comunidades veciñais de montes en man común non están suxeitas aos requisitos sinalados nas letras a) e b).

3. Cubrir e manter actualizado un caderno de explotación, no que se inscribirán todas as operacións agrícolas e gandeiras realizadas en cada unha das parcelas de cultivo e/ou na explotación xunto co rexistro sobre materias primas adquiridas e produtos que entren ou saian da explotación, avaliadas cos oportunos soportes documentais.

4. Utilizar os servizos dunha entidade de aconsellamento ou de xestión recoñecida pola Consellaría do Medio Rural.

5. Comprometerse a levar unha contabilidade que inclúa a elaboración da conta de resultados, segundo o requirido no caderno de explotación.

6. Cumprir os requisitos legais de xestión, relativos á saúde pública, sanidade animal, sanidade vexetal, ambiente e benestar dos animais, e as boas condicións agrarias e ambientais, a que se refiren os artigos 4 e 5 e os anexos III e IV do Regulamento (CE) nº 1782/2003, cuxas disposicións se recollen no anexo do Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, sobre a aplicación da condicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común, así como calquera outra normativa comunitaria, estatal ou autonómica específica que regule as boas condicións agrarias e ambientais e os requisitos mínimos en materia de fertilizantes e fitosanitarios no marco da condicionalidade. No caso das axudas a produtores agrarios que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e a conservación da paisaxe, deberán cumprir, ademais, as normas mínimas sobre utilización de fertilizantes e produtos fitosanitarios recollidas no anexo III. Os beneficiarios cumprirán os requisitos legais de xestión, as boas condicións agrarias e ambientais, e no caso das axudas agroambientais, os requisitos mínimos de fertilizantes e fitosanitarios no conxunto da explotación, aínda que só comprometan no CES unha parte da súa explotación.

7. Facer declaración de superficies dentro da solicitude única da PAC e incluír todas as parcelas da explotación. Quedan exentos os solicitantes de axudas ao benestar animal.

8. Controlar a existencia de biomasa vexetal na superficie forestal da explotación nos termos da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención de incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

9. Requisitos comúns ás explotacións gandeiras agás as apícolas:

a) Estar rexistradas no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), con toda a información prevista no Real decreto 479/2004 e a súa clasificación debe ser de produción e reprodución.

b) Aplicar un programa hixiénico-sanitario supervisado por un veterinario. No caso de atoparse no ámbito territorial dunha agrupación de defensa sanitaria gandeira recoñecida oficialmente e non pertencer a ela, deberá aplicar, polo menos, o programa sanitario desta.

10. Requisitos comúns ás explotacións agrícolas:

a) Dispoñer dunha superficie mínima de 3.000 m<sup>2</sup> por produtor. Os solicitantes deberán describir a explotación cunha relación de todas as parcelas, a súa superficie e utilización.

b) A explotación aplicará un programa sanitario de control e seguimento de pragas e enfermidades supervisado por un enxeñeiro técnico agrícola ou enxeñeiro agrónomo, co obxectivo de reducir o emprego de produtos químicos de síntese, así como de aplicar prácticas respectuosas co ambiente, ou ben, integrárase nunha asociación ou agrupación constituída con este obxectivo.

c) Establecer un plan de fertilización baseado fundamentalmente nas análíticas do solo, extraccións da colleita e achegas provenientes doutras fontes (materia orgánica principalmente), no que se priorice a achega de fertilizantes naturais e reduzan os químicos de síntese.

d) Realizar un control de residuos sobre a produción final.

e) Aproveitar os restos da colleita como fonte de materia orgánica, sempre e cando non ofrezan un perigo fitopatolóxico.

f) As parcelas de viñedo integradas nun CES deberán pertencer a algunha das denominacións de orixe ou de viños da terra de Galicia e utilizar castes autóctonas ou recomendadas polo órgano reitor da correspondente denominación.

#### Artigo 6º.-*Contía das axudas.*

A contía unitaria máxima das axudas para cada unha das submedidas que integran o CES será a recollida no anexo II, pero respectando os diversos límites que se detallan nos seguintes puntos:

1. Establécese un importe máximo por explotación para a suma das axudas das medidas de benestar animal e agroambientais de 24.000 euros, repartidos así: 8.000 euros polas primeira e segunda UTA, e 4.000 pola terceira e cuarta. Exceptuada a submedida de mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción, en que non se aplicarán os ditos límites.

2. No caso de cooperativas agrarias ou sociedades agrarias de transformación constituídas pola fusión de explotacións agrarias, o importe máximo sinalado no punto 1 será de ata 8.000 euros por UTA, con un máximo de ata 24.000 euros por cada unha das explotacións que integraron a cooperativa agraria ou sociedade agraria de transformación, ata un máximo de 10 UTA.

3. No caso de comunidades veciñais de montes en man común o importe máximo sinalado no punto 1 será de ata 8.000 euros por UTA, ata un máximo de 10 UTA.

4. En ningún caso se superarán os importes máximos por hectárea de superficie agraria útil e por UGM, recollidos no anexo do Regulamento (CE) 1698/2005, a saber:

Cultivos anuais: 600 euros/ha.

Cultivos perennes especializados: 900 euros/ha.

Outros usos da terra: 450 euros/ha.

Razas autóctonas en perigo de extinción: 200 euros/UGM.

Benestar dos animais: 500 euros/UGM.

5. Aos beneficiarios das axudas agroambientais aplicaráselles a UMCA correspondente á submedida que se trate no cálculo das primas como sigue:

Cando a superficie comprometida na submedida non supere o dobre do valor da UMCA, manteranse os importes do anexo II.

Para a superficie entre o dobre e o cuádrupo da UMCA, os importes máximos reduciranse ata o 60% do valores do anexo II.

Para a superficie maior ao cuádruplo, os importes máximos serán do 30%.

6. A axuda complementaria establecida no punto 2 do artigo 3 terá un importe máximo de 2.000 euros anuais. A contía máxima da axuda calcularase descontando do anterior límite a suma total dos importes das axudas incluídas no punto 1 do artigo 3 calculadas para o beneficiario.

#### Artigo 7º.-*Comité técnico.*

1. Créase un comité técnico encargado de coordinar, verificar e fixar os criterios que se van considerar para o mellor cumprimento dos compromisos de cada unha das submedidas do CES. Estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, que poderá delegar no subdirector xeral de Explotacións Agrarias.

b) Vogais: os xefes dos seguintes servizos:

1º Servizo de Medidas Complementarias.

2º Servizo de Producción Agraria Sostible e Sanidade Vexetal.

3º Servizo de Producións Gandeiras.

4º Servizo de Axudas Agrícolas da PAC.

5º Servizo de Axudas Gandeiras da PAC.

2. Son funcións do comité:

a) Definir as características técnicas dos compromisos que afectan cada unha das medidas que integran o CES así como dirixir todas aquelas actuacións que teñan relación cos obxectivos xenéricos e específicos de estas.

b) Harmonizar as actuacións que levan consigo un mellor cumprimento dos compromisos.

3. Ás reunións do comité técnico poderán asistir como convidados con voz pero sen voto, cantos expertos sexan convocados polo presidente.

#### CAPÍTULO III

CONVOCATORIA, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA

#### Artigo 8º.-*Convocatoria das axudas.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das axudas incluídas no CES presentárase na forma e prazo que se indiquen na correspondente convocatoria de solicitude unificada.

2. Os solicitantes deberán solicitar anualmente o pagamento das axudas nos anos seguintes á data de aprobación da súa solicitude inicial de axuda.

3. As correspondentes convocatorias poderán prever a reformulación de solicitudes nos termos do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é dicir, se a proposta de resolución provisional é inferior ao que figura na solicitude presentada.

#### Artigo 9º.-*Autorización.*

A presentación da solicitude de axuda polo/a interesado/a implicará a correspondente autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia así como outras entidades responsables da xestión de rexistros requiridos para a tramitación das axudas relacionadas co CES. Non obstante, a persoa solicitante ten a posibilidade de denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos no artigo 12.

#### Artigo 10º.-*Criterios de prioridade.*

1. A concesión de axudas axustarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia e obxectividade, segundo o artigo 5.2º a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. As solicitudes que cumpran as condicións exixidas ordenaranse en función dos seguintes criterios de prioridade:

- a) Explotación de produción ecolóxica: 4 puntos.
- b) Explotación nunha zona integrada na Rede Natura 2000: 4 puntos. A estes efectos considerase que unha explotación cumpre esta condición cando o 20% da superficie declarada está en Rede Natura 2000.
- c) Agricultor a título principal: 3 puntos.
- d) Explotación en zona desfavorecida, segundo o Regulamento 1257/1999, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Feoga e polo que se modifica e derrogan determinados regulamentos: 2 puntos.
- e) Explotación cuxo titular sexa unha muller ou ben, se se trata dunha explotación asociativa, cando polo menos o 50 % dos socios que a integran sexan mulleres: 2 puntos.
- f) Ser agricultor/a mozo/a: 2 puntos.
- g) Utilizar na explotación superficie procedente do Banco de Terras: 1 punto.

3. No caso de que a dispoñibilidade orzamentaria limite o número de beneficiarios aprobaranse, segundo a orde establecida, ata esgotar o orzamento.

No caso de que se produza un empate darase prioridade ás explotacións de menor a maior renda agraria, e dentro destas, as que xeren un maior volume de emprego.

#### Artigo 11º.-*Órganos competentes.*

1. O órgano competente para a ordenación e instrución do procedemento de concesión é a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

2. A resolución das axudas, logo do informe da Comisión de Valoración e a proposta da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, corresponderalle ao conselleiro do Medio Rural.

3. A resolución dos expedientes de redución ou revogación das axudas correspondente á solicitude de participación no CES corresponderalle ao conselleiro do Medio Rural.

#### Artigo 12º.-*Solicitude.*

Para poder ser beneficiario/a da axuda deberá presentarse unha solicitude, axustada ao modelo normalizado que se incluírá como anexo na correspondente convocatoria anual de axudas, que irá acompañada, entre outros, dos documentos que se especifican de seguido:

- a) Fotocopia do DNI ou NIF da persoa física ou CIF da persoa xurídica titular da explotación agraria.
- b) Folla de datos bancarios (solicitude de transferencia bancaria para pagamentos do tesouro da Xunta a acredores particulares).
- c) Documentación acreditativa das UTA da explotación.
- d) Descrición da explotación con relación de todas as parcelas, a súa superficie e utilización, e, se é o caso, do gando. Esta descrición non é precisa se o solicitante recolle estes datos na súa solicitude unificada anual.
- e) No caso de denegar o consentimento a que se refire o artigo 9, deberá presentar, ademais, a xustificación de estar o día no pagamento das obrigas tributarias e o certificado acreditativo de estar o día das obrigas tributarias coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- f) Poderase requirir documentación acreditativa da disposición das terras para as que solicita a axuda que poderá consistir, en función das diversas situacións, en:

-Documentación acreditativa da titularidade das parcelas que integran a explotación, tanto da de superficie agraria útil (SAU) como da superficie forestal, ou, se é o caso, documentación que acredite o dereito de uso durante o período de duración do contrato.

-Fotocopia compulsada do contrato de arrendamento, se é o caso, debidamente liquidado e rexistrado.

-No suposto de que a titularidade das parcelas da explotación teña a orixe noutra figura xurídica, legalmente válida, distinta das antes mencionadas, deberá de presentar unha declaración xurada pola que se comprometa a manter as devanditas parcelas durante o período de cinco anos que dura o compromiso.

*Artigo 13º.-Instrución dos procedementos.*

1. Unha vez presentada a solicitude revisarase a súa documentación e no suposto de que non cumpra algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fixese, considerase que desiste da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 9 resulta que a persoa solicitante non se atopa ao día de pagamento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, ou con calquera outro organismo da Administración pública galega.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/a solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

*Artigo 14º.-Comisión de Valoración.*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 10.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

a) Presidente: subdirector xeral de Explotacións Agrarias.

b) Vogais: 3 funcionarios da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias responsables da xestión do contrato de explotacións e un funcionario da Subdirección Xeral de Gandaría con nivel mínimo de xefe de negociado.

*Artigo 15º.-Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas pola persoa interesada.

*Artigo 16º.-Resolución.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a Comisión de Valoración emitirá un informe en que se concretará o resultado da avaliación, e que se presentará ao director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, o cal formulará proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a axuda concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

3. A resolución será notificada á persoa interesada expresando, como mínimo, o importe máximo da axuda, a procedencia dos fondos con que se financian as axudas e os compromisos concretos a que está suxeito en virtude da solicitude formulada e da instrución resultante. Na notificación farase constar a aceptación tácita se, transcorrido un prazo de 10 días, non a rexeita expresamente ou formula obxeccións a ela.

4. O prazo para resolver e notificar as subvencións será de 6 meses segundo o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude. En ningún caso, o importe da axuda concedida poderá superar os importes máximos establecidos no artigo 6.

*Artigo 17º.-Recursos contra a resolución da concesión.*

As resolucións dos expedientes tramitados ao abeiro desta orde ou na respectiva orde de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992.

2. Directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

*Artigo 18º.-Xustificación do cumprimento dos compromisos.*

1. As persoas beneficiarias comunicarán a xustificación das axudas á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias como máis tarde o 15 de setembro de cada ano. Con esa comunicación chegarán o caderno de explotación debidamente cuberto, así como un informe do técnico responsable do seguimento do programa, en que se resuman os aspectos relevantes da campaña e se avalíen obxectivamente.

2. O informe incluírá os datos xerais da entidade agraria e unha memoria descritiva que desenvolva, polo menos, os seguintes puntos:

a) No caso das axudas agroambientais:

1º Situación fitosanitaria xeral: obxectivos e estratexias de control.

2º Medidas de precaución, prevención e ataque directo empregados.

3º Inspeccións e controis feitos na maquinaria de tratamentos (embocaduras, manómetros, etc.).

4º Seguimento das distintas operacións feitas no cultivo.

5º Resumo da execución do programa agroambiental que inclúa estes puntos como mínimo:

a. Localización e características.

b. Evolución vexetativa.

c. Evolución fitosanitaria.

d. Resumo e interpretación dos datos recollidos no caderno de campo.

6º Reunións de grupo e cursos impartidos: calendario e número de asistentes.

7º Actividades de prevención de riscos laborais de traballadores da explotación.

8º Visitas de asesoramento ás explotacións: número e calendario.

9º Demostracións de novas técnicas e métodos: calendario e número de participantes.

10º Outras actividades de interese: descrición e número.

b) No caso das axudas ao benestar animal:

1º Situación sanitaria xeral.

2º Medidas preventivas e de control empregadas. Taxas de mortalidade.

3º Melloras feitas nas condicións de benestar dos animais.

4º Resumo das producións anuais.

5º Actividades de prevención de riscos laborais de traballadores da explotación.

6º Visitas de aconsellamento ás explotacións: número e calendario.

7º Outras actividades de interese: descrición e número.

3. A Consellería de Medio Rural poderá pedir calquera outra documentación que se considere oportuna para a xustificación do programa. Ademais, os solicitantes de axudas agroambientais presentarán copias cotexadas das facturas e dos boletíns de análises feitas na explotación.

*Artigo 19º.-Circunstancias para a modificación das resolucións do CES.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

2. Non obstante, durante o período de cinco anos de duración dos compromisos derivados da concesión do CES poderá solicitarse unha modificación e/ou ampliación dos que fosen subscritos inicialmente.

As persoas beneficiarias poderán solicitar tamén unha ampliación da superficie e/ou unha modificación do número de animais tidos en conta inicialmente. A solicitude farase nas convocatorias anuais das axudas que faga a Consellería do Medio Rural, nos termos que se indiquen, xustificando, en todo caso, a mellora da sustentabilidade económica, social e/ou medio ambiental que supoñen os cambios.

3. A renuncia será obxecto de comunicación expresa por parte do interesado no prazo de 30 días hábiles contados desde a comunicación da resolución da concesión da axuda. Se esta se producise antes de finalizar o período obrigatorio de cumprimento do compromiso, a persoa beneficiaria verase obrigada a devolver todas as axudas percibidas, incrementadas cos xuros correspondentes ao tempo transcorrido, agás que obedeza a algunha das causas de forza maior ou circunstancias excepcionais recoñecidas pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, de acordo cos supostos que establece o artigo 39 do Regulamento (CE) 817/2004.

*Artigo 20º.-Transformacións e transmisión de compromisos.*

1. Durante a vixencia do CES, no caso de pagamentos por superficie, non se poderán cambiar as parcelas comprometidas, agás nos seguintes casos:

a) Concentración parcelaria, expropiación ou calquera outro tipo de intervención pública.

b) Relacións contractuais que devenguen imposibles.

c) Variacións na superficie comunal adxudicada.

2. As persoas solicitantes da submedida de mantemento de razas autóctonas puras en perigo de extinción poderán cambiar o número de UGM da solicitude inicial no segundo ano e nos posteriores, pero deberán manter as solicitadas ata o 15 de setembro do ano da solicitude.

3. Durante a vixencia do CES poderanse solicitar novas submedidas polo período que resta por cumprir do compromiso.

4. Se o beneficiario traspasa total ou parcialmente a súa explotación, o novo titular poderá continuar cos compromisos do contrato durante o período que quede por cumprir.

5. A transferencia do compromiso comunicárase co modelo establecido no anexo VI, suscrito polo antigo e polo novo titular. En caso de falecemento, o documento será suscrito unicamente polo novo titular, que acreditará debidamente esta circunstancia. A transferencia terá efectos desde a notificación da súa aprobación, se a transferencia fose total, ou ben a partir do inicio da campaña seguinte, se esta fose parcial. En calquera caso, ata que a transferencia sexa efectiva, o responsable do cumprimento dos compromisos será o antigo titular.

6. Só se terán en conta aquelas solicitudes de subrogación que se realicen ata o 31 de maio dese ano. Así mesmo, deberá de achegarse á solicitude da subrogación a documentación que permita en cada caso verificar os seus motivos.

7. Se o novo titular non asume os compromisos, o beneficiario estará obrigado a reembolsar as axudas percibidas máis os xuros que correspondan. O reembolso tamén será obrigatorio nos beneficiarios que se acollan ao cesamento anticipado e non subroguen os compromisos.

8. Os beneficiarios con compromisos en vigor das axudas agroambientais do programa 2000-2006 poderán acollerse ao CES facendo a oportuna solicitude de acordo con esta orde. Isto supón a transformación dos compromisos antigos nos seus equivalentes (Regulamento (CE) 1320/2006), de acordo co anexo VI, a asunción de novas submedidas se o beneficiario o desexa e o comezo dun novo período de 5 anos. Se non queren ou non poden acollerse ao CES poderán seguir cos compromisos antigos, pero en ningún caso estará permitida a súa ampliación nin a súa subrogación. En calquera caso deberán solicitar anualmente o pagamento dos compromisos en vigor xunto a convocatoria de axudas do CES. Ademais, deberán facer declaración de todas as parcelas da súa explotación, incluídas as parcelas con compromisos, na declaración de superficies da solicitude única.

#### CAPÍTULO IV

##### DOS CONTROIS, REDUCIÓNS E EXCLUSIÓNS

#### Artigo 21º.-*Controis administrativos e sobre o terreo.*

1. O cumprimento de todos os compromisos contraídos e das obrigacións legais estará sometido a control, que se realizará en diferentes épocas do ano.

As actividades de control consistirán tanto en controis administrativos como en inspeccións sobre o terreo, segundo o Regulamento (CE) 796/2004, da Comisión do 21 de abril, e o Regulamento (CE) 1975/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control relativo a determinados réximes de axudas comunitarios e a calquera outro que lle sexa de aplicación.

2. O expediente correspondente a cada un dos beneficiarios das axudas conterá toda a información relativa aos resultados dos controis administrativos e, se é o caso, dos controis sobre o terreo que xustifiquen que a concesión destas axudas se axustou ao que establece a normativa comunitaria que os regula.

3. O procedemento de xestión e control das axudas desenvolverase de acordo e en coordinación co Sistema Integrado de Xestión e Control das axudas a produtores agrícolas e gandeiros situados no territorio de Galicia.

4. No suposto de que do control sobre o terreo se poña de manifesto a existencia de irregularidades significativas, efectuaranse controis adicionais durante o ano en curso e aumentarase a porcentaxe de expedientes de axuda que sexan obxecto de control ao ano seguinte.

#### Artigo 22º.-*Reducións e exclusións.*

1. O incumprimento dalgún dos compromisos previstos na resolución de concesión do contrato de explotación sustentable dará lugar a unha redución das axudas ou á súa revogación en función da gravidade, alcance e persistencia do incumprimento observado consonte o previsto no Regulamento (CE) 1975/2006, do 7 de decembro.

2. Será de aplicación o establecido nos artigos 16, 17 e 18 do Regulamento (CE) 1975/2006 referente a reducións e exclusións do pagamento das axudas baixo a modalidade do contrato de explotación sustentable.

3. Segundo o artigo 16 do Regulamento (CE) 1975/2006 relativo a axudas relacionadas con superficies, as reducións que se aplicarán serán as seguintes:

a) A base de cálculo da axuda correspondente establecerase de acordo co artigo 50, números 1, 3 e 7 do Regulamento (CE) 796/2004. Para os efectos deste artigo, as superficies declaradas por un beneficiario ás que se aplique a mesma porcentaxe de axuda constitúen un grupo de cultivos.

b) Se se comprobase que a superficie declarada nunha solicitude de axuda por superficie é maior ca superficie determinada para ese grupo de cultivo, como consecuencia dos controis administrativos ou sobre o terreo, será esta última a que se teña en conta para o cálculo do importe da axuda.

c) Cando para un grupo de cultivos, a superficie determinada sexa inferior á superficie declarada, a axuda calcularase sobre a base da superficie determinada, reducida no dobre da diferenza comprobada se esta é superior ao 3% ou dúas hectáreas, pero inferior ou igual ao 20% da superficie determinada. Se a diferenza é superior ao 20% da superficie determinada non se concederá axuda ningunha por superficie en relación co grupo de cultivo en cuestión.

d) Se, respecto da superficie global determinada incluída nunha solicitude única, a superficie declarada supera a superficie determinada en máis dun 30%, non se concederá ningunha axuda relacionada cas superficies dos réximes de axuda Feader solicitadas durante o ano civil en cuestión.

e) Se a diferenza fose superior ao 50%, quedarán excluído de calquera axuda relacionada coa superficie dos réximes de axuda Feader e ademais será sancionado mediante a exclusión das axudas ata un importe igual á diferenza entre a superficie declarada e a determinada con cargo as medidas de axuda previstas no Regulamento (CE) 1698/2005 ou no Regulamento (CE) 1782/2003 a que teña dereito o beneficiario polas solicitudes que presente durante os tres anos civís seguintes a aquel en que se descubra a irregularidade. Se o importe non se puidese deducir totalmente dos ditos pagamentos, cancelarase o saldo restante.

f) En caso de sobredeclaración intencional o beneficiario quedarán excluído de calquera axuda relacionada ca superficie dos réximes de axuda Feader para ese exercicio e ademais será sancionado mediante a exclusión das axudas ata un importe igual a diferenza entre a superficie declarada e a determinada con cargo as medidas de axuda previstas no Regulamento (CE) 1698/2005 ou no Regulamento (CE) 1782/2003 a que teña dereito o beneficiario polas solicitudes que presente durante os tres anos civís seguintes a aquel en que se descubra a irregularidade. Se o importe non se puidese deducirse totalmente dos ditos pagamentos, cancelarase o saldo restante.

4. Segundo o artigo 17 do Regulamento (CE) 1975/2006 relativo a axudas relacionadas con animais, as reducións que se aplicarán serán as seguintes:

a) A base para o cálculo da axuda correspondente ás medidas relacionadas cos animais establecerase de acordo co artigo 57, números 2, 3 e 4 do Regulamento (CE) 796/2004.

b) Todas as reducións ou exclusións que se apliquen no caso de sobredeclaracións de animais das especies bovina, ovina e cabrúa calcularanse de

acordo co artigo 59 do Regulamento (CE) 796/2004. As medidas de axuda relativas aos bovinos, as relativas aos ovinos e cabrúns e outras especies trátanse por separado.

c) Porén o disposto no artigo 59, alínea 2, parágrafo segundo e no artigo 59, alínea 4, parágrafo segundo do Regulamento (CE) 796/2004, o importe resultante da exclusión deducirase dos pagamentos das axudas as que tiver dereito o produtor por especie nese período con cargo a calquera das medidas de axuda previstas no Regulamento (CE) 1698/2005 e ás que teña dereito o beneficiario en cuestión polas solicitudes que presente durante os tres anos civís seguintes a aquel no que se descubra a irregularidade. Se o importe non pode deducirse totalmente dos ditos pagamentos, cancelarase o saldo restante.

d) No caso de sobredeclaración de animais na especie porcina, aviar e equina axustarase ao seguinte protocolo:

1º No caso das explotacións porcinas e gando equino:

-Sempre que o número de animais sobredeclarados sexa menor que 3 ou a porcentaxe de animais sobredeclarados sexa igual ou menor que 10%, o importe total por especie a que teña dereito o produtor reducirase na porcentaxe en exceso sobredeclarado.

-Cando o número de animais sobredeclarados sexa máis de 3, ou exceda nunha porcentaxe superior ao 10% pero inferior ou igual ao 20%, o importe total por especie a que teña dereito o produtor deducirase no dobre da porcentaxe en exceso.

-Cando o número de animais sobredeclarados sexa máis de 3 ou exceda nunha porcentaxe superior ao 20%, denegarase a axuda Feader á que teña dereito o produtor por especie durante o período correspondente.

-Se a sobredeclaración é superior ao 50%, ademais da denegación da axuda reteráselle un importe igual ao correspondente á diferenza entre os animais declarados e os determinados. Este importe deducirase de calquera pagamento que se lle aboe con cargo ao Feader durante os 3 anos civís seguintes ao descubrimento da irregularidade. Pasado tal prazo, cancelase o saldo sen cubrir.

-No caso de sobredeclaracións intencionais inferiores ao 20% o beneficiario quedarán excluído da axuda Feader a que tiver dereito durante o ano civil en cuestión polas medidas vinculadas ás especies animais. Se a porcentaxe sobredeclarada é superior ao 20% ademais da denegación da axuda reteráselle un importe igual ao correspondente á diferenza entre os animais declarados e os determinados. Este importe deducirase de calquera pagamento que se lle aboe con cargo ao Feader durante os 3 anos civís seguintes ao descubrimento da irregularidade. Pasado tal prazo, cancelase o saldo sen cubrir.

-Cando as irregularidades nas sobredeclaracións se consideren intencionadas denegarase a axuda Feader á que teña dereito o produtor por especie no período correspondente.

2º No caso de explotacións avícolas:

-Cando a porcentaxe sobredeclarada sexa menor ou igual ao 10% o importe total por especie ao que teña dereito o produtor para a dita campaña reducirase na porcentaxe sobredeclarada.

-Cando a porcentaxe sobredeclarada sexa maior ao 10% e menor ou igual ao 20% o importe total por especie a que teña dereito o produtor deducirase no dobre da porcentaxe en exceso.

-Cando o número de animais sobredeclarados exceda nunha porcentaxe superior ao 20%, denegarase a axuda Feader a que teña dereito o produtor por especie durante o período correspondente.

-Se a sobredeclaración é superior ao 50%, ademais da denegación da axuda reteráselle un importe igual ao correspondente á diferenza entre os animais declarados e os determinados. Este importe deducirase de calquera pagamento que se lle aboe con cargo ao Feader durante os 3 anos civís seguintes ao descubrimento da irregularidade. Pasado tal prazo, cancelase o saldo sen cubrir.

-Igualmente, no caso de que as irregularidades nas sobredeclaracións se consideren intencionadas, denegarase a axuda Feader a que teña dereito o produtor por especie no período correspondente.

6. Reducións por presentación tardía de solicitudes:

Admitiranse solicitudes de axuda ata os 25 días naturais seguintes á fin do prazo establecido na orde de convocatoria, pero os importes das axudas reduciranse nun 1% por día hábil posterior a ese prazo.

7. Reducións por incumprimento dos criterios de admisibilidade:

Cando non se cumpra algún dos requisitos de acceso á axuda ou algún dos compromisos considerados como excluíntes, denegarase a axuda solicitada. No caso dos compromisos avaliábeles, reducirase ou denegarase a axuda en función da gravidade, alcance e persistencia do incumprimento.

8. Reducións por incumprimento da condicionalidade:

Serán de aplicación as reducións e exclusións por condicionalidade previstas nos Regulamentos (CE) 796/2004 e 1975/2006.

9. No caso de acumulación, as reducións aplicaranse na seguinte orde:

a) Reducións por presentación tardía de solicitudes referidas no punto 6 deste artigo.

b) Reducións por sobredeclaracións de superficie ou animais referidas no punto 4 e 5 respectivamente, deste artigo.

c) Reducións por incumprimento dos criterios de admisibilidade referidas no punto 7 deste artigo.

d) Reducións por incumprimento da condicionalidade referidas no punto 8 deste artigo.

Artigo 23º.-*Obriga de reintegro da axuda.*

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora correspondentes, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En aplicación do artigo 2 do Regulamento (CE) 1975/2006, os xuros de demora calcularanse en función do tempo que medie entre a notificación da resolución do procedemento de reintegro ao produtor e o seu reembolso efectivo polo obrigado.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 24º.-*Casos de forza maior.*

No suposto de que un beneficiario non poida seguir asumindo os compromisos subscritos por causas de forza maior, de acordo cos supostos que establece o artigo 39 do Regulamento (CE) 817/2004, adoptaranse as medidas necesarias para adaptarse aos compromisos. O compromiso darase por finalizado sen que se estableza ningún reembolso polo período de compromiso efectivo. Os supostos de forza maior son os seguintes:

a) Falecemento do produtor.

b) Larga incapacidade profesional do produtor.

c) Expropiación dunha parte importante da explotación se a expropiación non fora previsible o día que asinou o compromiso.

d) Unha catástrofe natural grave que afecte considerablemente a superficie agraria da explotación.

e) Destrucción accidental dos edificios para o gando da explotación.

f) Epizootia que afecte a todo o gando do produtor ou unha parte deste.

Artigo 25º.-*Infraccións e sancións.*

Aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro do CES seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 26º.-*Control financeiro.*

1. Alén dos controis administrativos previstos nestas bases reguladoras, a Consellería do Medio Rural poderá realizar as comprobacións e inspeccións que considere oportuno co fin de comprobar a veracidade

de dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. Tamén facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como ás actuacións de comprobación que poida efectuar calquera órgano comunitario de inspección ou control.

*Artigo 27º.-Rexistros públicos de subvencións e de sancións.*

1. As axudas concedidas ao abeiro desta orde figurarán nun rexistro con expresión das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, as cantidades concedidas, a normativa que amparou a concesión e a súa finalidade.

2. Tamén figurarán no rexistro público as sancións administrativas firmes impostas pola Xunta de Galicia en materia de axudas e subvencións, con expresión das persoas físicas ou xurídicas afectadas, a normativa infrinxida e o importe da sanción.

3. Estes rexistros serán de acceso público e veñen regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

*Artigo 28º.-Incompatibilidades.*

1. Serán incompatibles entre si as seguintes submedidas ou partes de submedidas: axuda ao control integrado e produción integrada establecida no punto 1.b).2º do artigo 3, coa de agricultura e gandaría ecolóxica establecida no punto 1.b).3º do artigo 3. Tamén será incompatible a axuda á apicultura para a mellora da biodiversidade en zonas fráxiles establecida no punto 1.b).7º do artigo 3, coa relativa a apicultura de agricultura e gandaría ecolóxica establecida no punto 1.b).3º do artigo 3. Así mesmo, será incompatible a axuda relativa a agricultura ecolóxica de agricultura e gandaría ecolóxica establecida no punto 1.b).3º do artigo 3, coa relativa a redución da cabana gandeira de utilización racional de recursos forraxeiros establecida no punto 1.b).6º do artigo 3 desta orde.

2. Tamén serán incompatibles as primas de roza e sementado da submedida de utilización racional dos recursos forraxeiros na explotación coa prima para a implantación de pradarias dos plans de mellora e incorporación de novos activos agrarios ao abeiro do Real decreto 613/2001.

3. Así mesmo, será de aplicación o réxime de compatibilidade e límites máximos aplicables en supostos de acumulación con outras axudas aos mesmos beneficiarios e coa mesma finalidade, que resulten compatibles de acordo coa normativa vixente.

4. A Consellería do Medio Rural garantirá que as diferentes medidas de axuda ao desenvolvemento rural sexan coherentes entre si e coas organizacións comúns de mercado.

#### *Disposición adicional*

Primeira.-Ao non previsto nesta orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o establecido no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 para estas axudas, aprobado pola Decisión C (2008) 703, do 15 de febreiro de 2008, así como o disposto no Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a normativa de desenvolvemento vixente ou que a substitúa.

Segunda.-Será de aplicación o Regulamento (CE) 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas á axuda do punto 2 do artigo 3.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase ao director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2009.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro de Medio Rural

#### *ANEXO I*

A. Axudas a produtores agrarios que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe.

Obxectivos.

Os instrumentos agroambientais son necesarios para apoiar o desenvolvemento sustentable e o mantemento da biodiversidade das zonas rurais e para responder á, cada vez maior, demanda da sociedade de servizos ambientais. As axudas concedidas baixo esta medida deben animar a agricultores e outros administradores de terras a servir á sociedade en conxunto mediante a introdución ou continuando coa aplicación de métodos de produción compatibles coa protección e mellora do medio, a paisaxe e as súas características, os recursos naturais, o solo e a diversidade xenética.

Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas indicadas nesta sección os titulares de explotacións agrarias, situadas na súa maior parte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que subscriban, de xeito

voluntario e por un período mínimo de cinco anos, compromisos nunha ou varias das medidas agroambientais, en toda ou en parte da súa explotación, aínda que na súa totalidade deberán exercer a agricultura sustentable empregando métodos de prácticas agrícolas que permitan manter as boas condicións agrarias e ambientais, os compromisos básicos establecidos no anexo III, así como os compromisos establecidos para cada submedida.

1. Variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética.

#### 1.1. Obxecto.

O obxectivo desta medida é o de fomentar a recuperación de determinadas especies e variedades de cultivos vexetais en perigo de extinción, mantendo superficies para a protección, uso e mantemento da diversidade xenética.

#### 1.2. Beneficiarios.

Titulares de explotacións que pertencen a asociacións ou agrupacións de agricultores, produtores ou comercializadores, que teñan como obxectivo a conservación ou o mantemento dos cultivos tradicionais ou en perigo de extinción e cultiven algunha das variedades recollidas no anexo V desta orde e se comprometan ao cumprimento dos compromisos establecidos.

#### 1.3. Compromisos.

Describir a explotación con relación de todas as parcelas, a súa superficie e utilización, a través da declaración de superficies.

\* Cultivar un mínimo de 0,3 ha con algunha das especies autóctonas en risco de erosión xenética recollidas no anexo V e realizar as seguintes prácticas:

-Elaborar un programa ou memoria do proxecto.

-Manter en cultivo as especies e/ou variedades en risco de erosión xenética que sexan obxecto da axuda, ata o sementado ou ata que o órgano de reprodución vexetativo sexa viable.

-Reservar un 5% dos materiais vexetais de produción obtidos.

\* Desenvolver accións divulgativas coa administración xestora.

### 2. Control integrado e produción integrada.

#### 2.1. Obxecto.

Esta actuación trata de reducir a potencial contaminación de solos e augas, fomentando a adopción de métodos de produción vexetal así como métodos de loita natural, biolóxica ou tecnolóxica contra os organismos nocivos, utilizando ao máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais e asegurando a longo prazo unha agricultura sustentable e a protección dos recursos naturais.

#### 2.2. Beneficiarios.

Titulares de explotacións que se aveñan ao cumprimento dos compromisos establecidos, por un período, polo menos, de cinco anos.

#### 2.3. Compromisos xerais.

\* Non poderán acollerse os cultivos realizados por sistemas hidropónicos.

\* Manter sebes e ribazos, vexetación en lindes e marxes para reserva ecolóxica e mantemento da biodiversidade.

\* Realización de análises axeitadas, polo menos anualmente, para programar a fertilización. As análises de auga e outros a criterio do comité técnico.

\* Cubrir unha ficha normalizada por parcela, en que se determinen as prácticas de tratamento que se seguirán.

\* Establecer un plan de fertilización.

\* Controlar as malas herbas preferentemente de forma mecánica ou mediante pastoreo controlado.

\* En caso de intervención con fitosanitarios de síntese, utilizar exclusivamente as materias activas autorizadas para cada cultivo, seleccionadas segundo a toxicidade e os efectos sobre a fauna auxiliar e o ambiente, entre outros criterios.

\* Reducir, polo menos, un 30% os fertilizantes e fitosanitarios de síntese utilizados na explotación. No caso dos fertilizantes, esta redución poderase facer coa substitución dos fertilizantes de síntese por fertilizantes orgánicos, sempre que non sexan nin esterco fresco nin lamas de depuradora. No caso dos fitosanitarios, esta substitución poderase facer por métodos de control e/ou seguimento biolóxico a base de substancias de orixe vexetal ou microorganismos, solta de insectos útiles, trampeo masivo e confusión sexual, etc, por parcelas completas.

#### 2.3.1. Compromisos específicos de control integrado.

\* Facer un seguimento e control de pragas mediante tratamentos dirixidos e localizados para preservar a fauna útil.

\* Non tratar con produtos químicos de síntese 15 días antes da colleita. Só estarán permitidos se teñen prazo de seguridade dun máximo de 5 días no caso de produtos de recolección graduada. De calquera xeito, utilizaranse preferentemente substancias naturais.

\* Non realizar tratamentos poscolleita para comercializacións inmediatas.

\* Realizar análises de residuos sobre a produción final.

#### 2.3.2. Compromisos específicos de produción integrada.

\* Cumprir co establecido no Decreto 68/2004, do 11 de marzo, sobre a produción integrada e a súa

indicación nos produtos agrarios e a súa normativa de desenvolvemento.

\* Estar inscrito no Rexistro de Produtores de Producción Integrada da Comunidade Autónoma de Galicia e comercializar a produción baixo a marca de produción integrada.

\* Aplicar a produción integrada en toda a superficie da explotación ca á mesma orientación produtiva (cultivo e/ou especie).

\* Facer rotacións en cultivos anuais. Se se establece unha cuberta vexetal ou cultivo para fertilizado en verde, considerárase como parte da rotación.

\* Manter a cuberta vexetal en cultivos perennes. En épocas de recolección permitírase a sega ou o pastoreo controlado para facilitar os labores de colleita.

### 3. Agricultura e ganadería ecolóxica.

#### 3.1. Obxecto.

As tecnoloxías agrarias ecolóxicas perseguen a obtención de alimentos baseados en métodos respectuosos co medio, compatibles coa obtención dunha rendibilidade razoable para os produtores. As normas básicas deste sistema de produción veñen establecidas no Regulamento (CE) 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e no cal se derroga o Regulamento (CE) 2092/1991, e demais normativa vixente, o que leva implícito estar inscrito no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Os sistemas de produción ecolóxica non empregan fertilizantes inorgánicos nin fitosanitarios de síntese, para o control de pragas, enfermidades e/ou flora adventicia, nin métodos que provoquen unha deterioración do solo e o medio en xeral. Con respecto á ganadería, non se empregan antibióticos, hormonas ou outros preparados como alimentos ou tratamentos preventivos. A crianza do animal baséase en sistemas produtivos que permitan un máximo de benestar dos animais.

#### 3.2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios os titulares de explotación que no momento da presentación da solicitude:

1. Estean inscritos como operadores ecolóxicos e sometidos ao control de Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

2. Estean a comercializar a súa produción como ecolóxica no momento da solicitude ou se atopen no período de conversión, sempre que acaben comercializando a súa produción como ecolóxica antes de que finalice o período de compromiso.

3. Se comprometan ao cumprimento dos compromisos establecidos.

#### 3.3. Compromisos xerais.

\* Cumprir as normas de produción establecidas no Regulamento (CE) 834/2007, do Consello, do 28 de

xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e demais normativa de aplicación vixente.

\* Dispoñer dun certificado expedido polo Craega, afirmando que está inscrito neste e que cumpre coa normativa específica, para agricultura e/ou ganadería ecolóxica en cada unha das parcelas inscritas.

\* Comercializar a produción ecolóxica, unha vez pasado o período obrigatorio de reconversión.

\* Elaborar un plan de conversión da explotación que especifique as actuacións que se realizarán durante o período de conversión.

\* Proceder ao fertilizado orgánico necesario para manter a fertilidade dos solos.

\* Realizar análises, polo menos anualmente, para programar a fertilización. As análises de auga e outras faranse a criterio do comité técnico.

#### 3.3.1. Compromisos específicos de agricultura ecolóxica.

\* Non utilizar produtos químicos de síntese non autorizados pola regulamentación comunitaria referida, no control de pragas e enfermidades, e efectuar o control da flora adventicia mediante tratamentos mecánicos nos períodos permitidos.

\* Manter a vexetación dos lindeiros existentes ao inicio do compromiso para mellor protección da flora e fauna.

#### 3.3.2. Compromisos específicos de ganadería ecolóxica.

\* Non utilizar medicamentos de síntese non autorizados pola regulamentación comunitaria referida no tratamento e profilaxe das enfermidades do gando.

\* Utilizar polo menos a porcentaxe de alimentación animal procedente de agricultura ecolóxica que establece o regulamento comunitario.

#### 3.3.3. Compromisos específicos de apicultura ecolóxica.

\* Cumprir os compromisos establecidos respecto á apicultura dentro da regulamentación comunitaria referida vixente.

\* Manter máis de 50 colmeas.

\* Densidade: unha colmea por hectárea.

\* Localizar as colmeas en superficies cultivadas ecolóxicamente e/ou pasteiros ecolóxicos.

\* Non utilizar alimentos compostos que conteñan pole.

\* Só se poderá pagar a prima, por superficie cultivada ou polo pasteiro, ecolóxicos, sobre os que percoren as abellas.

\* Estar inscrito no Rexistro Oficial de Explotacións Apícolas e ter o correspondente Caderno de Explotación Apícola e de Transhumancia (CEAT).

Titulares de explotacións apícolas que se comprometan durante 5 anos, estean inscritos no Craega e comercialicen os seus produtos como ecolóxicos.

#### 4. Loita contra a erosión en medios fráxiles.

##### 4.1. Obxecto.

O obxectivo fundamental desta medida é a protección do solo, evitando as perdas de arrastres debidas á erosión en cultivos leñosos ou herbáceos situados en zonas con fortes pendentes.

Nesta medida preténdese o mantemento de especies e cultivos con técnicas de laboreo de conservación, sementeiras directas ou non laboreo, limpeza etc., para manter a cuberta vexetal en zonas de alto risco de erosión (consecuencia da súa situación xeográfica, orografía e réxime pluviométrico). Con esta actuación preténdese minimizar o risco de perdas de solo que doutra forma se poderían producir en superficies agrícolas, pastos arbustivos ou pastos baixo arboredo.

##### 4.2. Beneficiarios.

Titulares de explotacións que se aveñan ao cumprimento dos compromisos establecidos, por un período, polo menos, de cinco anos.

##### 4.3. Compromisos xerais.

\* Recoller no caderno de explotación a planificación das actuacións para reducir a erosión nas parcelas da explotación.

\* Non labrar o solo. En caso de invasión de malas herbas e outras situacións extraordinarias poderá levarse a cabo un labor superficial, logo da autorización por parte do comité técnico. Estes labores serán sempre verticais, non de inversión do solo.

\* Eliminar a cuberta herbácea mediante pastoreo, sega química (aplicación de herbicidas de baixo impacto ambiental, non residuais) ou de forma mecánica.

\* Os compromisos non relacionados directamente coas pendentes/terrazas, deberán cumprirse no conxunto da explotación, aínda que para o cálculo da axuda, só se terán en conta a superficie das parcelas con pendentes superiores ás fixadas.

##### 4.3.1. Compromisos específicos para cultivos leñosos en pendentes ou terrazas.

\* As parcelas acollidas terán unha pendente superior ao 15%.

\* Nas parcelas con insuficiente permeabilidade, para evitar a erosión por escorregamento, será obrigatorio establecer cubertas vexetais con flora espontánea ou sementando especies cultivadas. Terá a largura mínima que estableza o comité técnico para cada cultivo e ocupará polo menos o 50% da superficie libre de cultivo, manténdose durante todo o ciclo vexetativo do cultivo leñoso. En calquera caso, é obrigatoria a inmediata corrección dos danos pro-

ducidos por chuvias torrenciais. A cuberta vexetal seguirá, no posible, ás curvas de nivel do terreo.

\* As densidades de plantación serán establecidas polo comité técnico para cada cultivo.

##### 4.3.2. Compromisos específicos para cultivos herbáceos.

\* As parcelas acollidas terán unha pendente superior ao 10%.

\* Nas parcelas obxecto da axuda aplicaranse as técnicas de agricultura de conservación (sementeira directa/non laboreo, laboreo de conservación, cubertas), mellor adaptadas ás condicións locais de cada zona.

\* Non facer labores durante o período de barbeito.

\* No caso de rotación de cultivos, a cobertura, vexetal ou inerte, permanecerá no solo desde a colleita do cultivo ata a sementeira do cultivo posterior.

#### 5. Mantemento de razas autóctonas puras en perigo de extinción.

##### 5.1. Obxecto.

Dirixida ao mantemento da riqueza xenética e biodiversidade conservando estas especies animais en perigo de desaparición, perfectamente adaptadas pola súa rusticidade ao medio físico onde se desenvolven.

##### 5.2. Beneficiarios.

Titulares de explotacións con razas autóctonas en perigo de extinción declarado e que figuren na lista FAO ou con razas que fosen subvencionadas no marco da Programación 1993-1999 (conforme o Regulamento (CE) 672/2001). Os animais primables para efectos desta subsección deben pertencer a algunha das razas acollidas no anexo V desta orde.

##### 5.3. Compromisos.

\* Pertencer a unha entidade asociativa agraria cuxos fins sexan a mellora e conservación das razas autóctonas.

\* Estar inscrito no libro xenealóxico da raza correspondente.

\* Pastorear con animais de especies autóctonas en perigo de extinción recollidas no anexo V.

\* Manter o censo gandeiro das razas acollidas.

\* Manter en pureza os efectivos reprodutores machos e femias destas razas.

\* Participar nun programa de mellora xenética, coa obriga de achegar información para o seguimento da raza, así como para a elaboración de valoracións.

#### 6. Utilización dos recursos forraxeiros da explotación.

##### 6.1. Obxecto.

O obxecto da aplicación desta subsección é a de conservar os ecosistemas agrarios e os seus recursos,

facendo unha xestión racional dos aproveitamentos gandeiros e das actuacións de protección da cuberta. Tamén persegue conseguir un mellor aproveitamento de restrebeiras e superficies pastables, con respecto ás cargas gandeiras admisibles; a conservación das masas arborizadas con podas e tratamentos de control de pragas e enfermidades; o respecto a unhas cargas gandeiras máximas e mínimas adecuadas a todo tipo de ecoagrosistema, realizando limpeza de vexetación e outras adaptadas ao seu ecosistema de acollida.

Cada unha das súas primas complementarias teñen por obxecto:

-Roza complementaria: como medida de mellora dos pastos en que aparecen especies rexeitadas polo gando, minguando a súa calidade.

-Pastoreo con razas autóctonas: busca apoiar a utilización de animais con elevada rusticidade e grande adaptación ao pastoreo.

-Redución do gando bovino e ovino por unidade de superficie forraxeira. O seu obxectivo é a protección do solo, diminuíndo de forma efectiva a carga gandeira en pradarias e pasteiros que sufriron un desequilibrio polo pastoreo excesivo na súa composición florística, coa subseguinte aparición de especies non desexables para o gando, fomentando sistemas de aproveitamento de pastos racionais, adaptados a cargas gandeiras que permitan explotacións máis extensivas, cunha redución efectiva de, polo menos, 0,3 UGM/ha. A prima está calculada para implementar tres situacións: redución da carga gandeira por diminución do censo de gando, por ampliación da superficie ou unha combinación de ambas as dúas. En calquera caso, a prima será única, sen diferenciar a opción de redución de carga que utilicen, pero é importante destacar que a axuda se calculará sobre a superficie inicial da explotación.

-Utilización de sistemas extensivos na alimentación en explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes. Dirixida a reducir a carga gandeira en explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes evitando a intensificación na carga gandeira e deste modo reducir o risco de contaminación ambiental por efluentes do gando así como reducir o risco sanitario, consecuencia de altas concentracións de animais. Require que a explotación manteña unha carga gandeira máxima de 1,8 UGM/ha e unha superficie de pradaría non inferior ao 50% da superficie total.

-Utilización de sistemas de pastoreo na alimentación do gando en explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes. Dirixida á utilización de sistemas de pastoreo en explotacións de produción de leite de vacún, xovencas de recría e ceba de ruminantes, orientado á mellora nas condicións de cría do gando, redución do risco de erosión e contaminación por efluentes do gando e utilización de sistemas sustentables respectuosos co ambiente. Require un período mínimo de pastoreo de catro meses, unha

superficie de pradaría non inferior ao 75% da superficie forraxeira e unha carga gandeira máxima na explotación de 2 UGM/ha.

## 6.2. Beneficiarios.

Titulares de explotacións que se aveñan ao cumprimento dos compromisos establecidos, por un período, polo menos, de cinco anos.

## 6.3. Compromisos xerais.

\* Identificar axeitadamente os animais acollidos a esta medida. En equino será obrigatoria a identificación individual dos animais.

\* Manter os animais precisos para evitar o sobrepastoreo ou o subpastoreo. No caso de que non se faga pastoreo, darase polo menos un corte ao ano.

\* Manter o aproveitamento extensivo das superficies afectadas e respectar o calendario de pastoreo establecido ao inicio de cada campaña polo beneficiario, segundo o modelo recollido para o efecto no caderno de explotación.

\* Superficie mínima de actuación de 7 hectáreas nas explotacións con aproveitamento de montes comunais e de 3 hectáreas nas restantes.

### 6.3.1. Compromisos específicos da prima base xeral.

\* Comprometerse a manter polo menos o 50% da superficie da explotación a pastos permanentes en pastoreo ou o 75% da superficie da explotación, se o aproveitamento deses pastos é mixto (sega/dente). Incluirase en ambos os dous casos a superficie situada en monte comunal.

\* Manter unha carga gandeira máxima por hectárea de 2 UGM.

\* Esta prima base aplícase ao gando equino, ovino e cabrún, así como ao vacún de carne non acollido á prima base de bovino de carne. Non é aplicable ao vacún de leite.

### 6.3.2. Compromisos específicos de gando bovino de carne:

\* Cumprir cos compromisos da prima base xeral.

\* Manter os xatos xunto das nais polo menos ata os 6 meses, durante os cales terán contacto continuo coas súas nais para permitir o seu aleitamento.

\* Polo menos o 60% da reposición estará integrado por animais nados na propia explotación.

### 6.3.3. Compromisos específicos da prima complementaria de roza.

\* Cumprir cos compromisos xerais.

\* Rozar unha superficie mínima de 0,2 ha para mellorar o pasto existente ou crear novos pastos de calidade.

\* As rozas faranse manual ou mecanicamente. Excepcionalmente e só no caso de pendentes supe-

riores ó 10% poderían aplicarse tratamentos químicos localizados con produtos de baixa toxicidade autorizados polo comité técnico.

6.3.4. Compromisos específicos da prima complementaria de pastoreo con razas autóctonas.

\* Cumprir cos compromisos xerais.

\* Pastorear polo menos cun 75% de animais pertencentes as razas autóctonas con libro xenealóxico.

6.3.5. Compromisos específicos da prima complementaria por redución do gando bovino, ovino e cabrún por unidade de superficie forraxeira.

Cumprir cos compromisos xerais.

Diminuír a carga gandeira ligada á terra en polo menos 0,3 UGM/ha, respecto ás cargas existentes ao inicio do compromiso e, en todo caso, respectando as cargas máximas para o cumprimento da condicionalidade. Este obxectivo deberá cumprirse antes de finalizar o primeiro ano de compromiso, e manterse ata o seu final. Poderá reducirse a carga a través de sementeira ou aproveitamento de pastos, sen redución de efectivos do rabaño, é dicir, ampliando a superficie forraxeira. Tamén poderá reducirse por eliminación temporal de presenza de gando. En calquera caso, a prima será única, sen diferenciar a opción de redución de carga que utilicen (reducir gando, aumentar a superficie ou unha combinación de ambas as dúas).

A axuda calcularase sobre a superficie inicial multiplicando a prima por hectárea polo número inicial de hectáreas da explotación.

6.3.6. Compromisos específicos para a utilización de sistemas extensivos na alimentación de explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes.

\* Cumprir cos compromisos xerais.

\* Manter polo menos un 50% da SAU da explotación cultivada con pradaría que poderá entrar en rotación co resto dos cultivos.

\* Manter a superficie de pradaría durante polo menos 2 anos.

\* A carga gandeira da explotación non poderá superar as 1,8 UGM/ha de SAU forraxeira por termo medio ao ano.

\* Manter ou reducir o uso de concentrado por UGM presente na explotación.

6.3.7. Compromisos específicos para a utilización de sistemas de pastoreo en explotacións de produción de leite e cebo de ruminantes.

\* Cumprir cos compromisos xerais.

\* Cumprir con calendario de pastoreo establecido.

\* Realizar un período de pastoreo durante polo menos 120 días ao ano con vacas de leite, xovencas de recría ou tenreiros para ceba.

\* Manter polo menos un 75% da superficie forraxeira da explotación cultivada con pradaría que poderá entrar en rotación co resto dos cultivos.

\* Manter a superficie de pradaría durante polo menos 2 anos.

\* Manter ou reducir o uso de concentrado por UGM presente na explotación.

7. Apicultura para a mellora da biodiversidade en zonas fráxiles.

#### 7.1. Obxecto.

O obxecto da mellora da biodiversidade nos agroecosistemas de pradarías, pastos e monte onde podan existir endemismos e especies relictas.

#### 7.2. Beneficiarios.

Titulares de explotacións apícolas acollidas ao CES e que se aveñan ao cumprimento dos compromisos establecidos, por un período, polo menos, de cinco anos.

#### 7.3. Compromisos.

\* Comprometer parcelas de vexetación entomófila, caracterizada por ecosistemas con biodiversidade fráxil propios de pradarías, pasteiros e agroecosistemas adevesados, así como, todas as zonas con biodiversidade fráxil e vexetación autóctona que determine o comité técnico.

\* Manter unha densidade máxima dunha colmea cada 2 hectáreas de vexetación autóctona para percorreo.

\* Manter alvarizas cun máximo de 80 colmeas cada unha. A distancia entre elas será superior a un km. Deben situarse permanentemente en zonas de biodiversidade fráxil agás nos seis meses de transhumancia, que poden realizar o 80% das colmeas, como máximo.

\* Non subministrar alimentación estimulante que conteña pole.

\* Aplicar un sistema de loita integrada contra a varroase e enfermidades asociadas que inclúa métodos loita biolóxica. O uso de produtos químicos de síntese requirirá autorización previa do comité técnico.

8. Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos incluídas na Rede Natura 2000.

#### 8.1. Obxecto.

O obxecto é fomentar unha xestión racional de pasteiros, con redución efectiva da carga gandeira da explotación de orixe, con desprazamento físico do gando, contribuíndo á recuperación do solo e a súa diversidade florística dentro das áreas incluídas na Rede Natura 2000.

Cada unha das súas primas complementarias teñen por obxecto:

-Roza complementaria: como medida de mellora dos pastos en que aparecen especies rexeitadas polo gando, minguando a súa calidade.

-Pastoreo con razas autóctonas: busca apoiar a utilización de animais con elevada rusticidade e grande adaptación ao pastoreo.

### 8.2. Beneficiarios.

Titulares de explotacións gandeiras acollidas ao CES e que se aveñan ao cumprimento dos compromisos establecidos, por un período, polo menos, de cinco anos.

### 8.3. Compromisos xerais.

\* Explotacións agrarias con superficie incluída en zonas de Rede Natura 2000 de Galicia.

\* Manter o gando preciso para evitar o sobrepastoreo e o subpastoreo.

\* Manter como mínimo o 75% da SAU da explotación dedicada a pastos ou cultivos orientados á alimentación de gando, incluídos os aproveitamentos comunais.

\* Manter o aproveitamento extensivo das superficies afectadas, respectando o calendario de pastoreo establecido ao inicio de cada campaña polo beneficiario, segundo o modelo recollido para o efecto no caderno de explotación.

\* Manter unha carga gandeira máxima por hectárea de 1,8 UGM.

\* Non se permitirá o pastoreo antes do 1 de maio en áreas de montaña cunha altitude superior aos 1.500 m para evitar o dano sobre as plantas nos estados iniciais de crecemento.

\* Practicar a xestión tradicional de pastos con desprazamento estacional do gando durante ao menos 5 anos consecutivos.

\* Manter o gando fóra da explotación de orixe polo menos 4 meses, contado desde xuño. Durante estes catro meses é obrigatorio desprazar os animais a pasteiros de montaña, reducindo a carga gandeira ao menos nun 25% na explotación de orixe, durante o período que dura o aproveitamento de pastos fóra da explotación.

\* Dispor da documentación oficial obrigatoria que ampare o movemento do gando para cada caso.

\* Mover o gando de acordo ás prácticas tradicionais de aproveitamento de forma óptima dos recursos naturais.

\* Superficie mínima de actuación de 5 hectáreas nas explotacións con aproveitamento de montes comunais e de 2 hectáreas nas restantes.

#### 8.3.1. Compromisos específicos de gando bovino.

\* Manter os xatos xunto das nais polo menos ata os 6 meses, durante os cales terán contacto continuo coas súas nais para permitir o seu aleitamento.

\* Polo menos o 60% da reposición estará integrado por animais nados na propia explotación.

8.3.2. Compromisos específicos da prima complementaria de roza.

Cumprir cos compromisos xerais da subsección oitava.

\* Rozar unha superficie mínima de 0,2 ha para mellorar o pasto existente ou crear novos pastos de calidade.

\* As rozas faranse manual ou mecanicamente. Excepcionalmente e só no caso de pendentes superiores ó 10% poderían aplicarse tratamentos químicos localizados con produtos de baixa toxicidade autorizados polo comité técnico.

8.3.3. Compromisos específicos da prima complementaria de pastoreo con razas autóctonas.

Pastorear polo menos cun 75% de animais pertencentes a razas autóctonas con libro xenealóxico.

### B. Axudas da medida de benestar animal.

#### Obxectivos.

Preténdese a adopción de sistemas de cría de animais en avicultura ou en produción porcina que, superando as normas obrigatorias de aplicación, garantan o seu benestar e sanidade, permitindo ademais o mantemento dunha explotación viable e produtiva.

Serán axudas anuais que cubrirán os custos adicionais e as perdas de ingresos derivados do compromiso, incluso os custos de transacción.

#### Beneficiarios.

Poderán acceder a estas axudas os solicitantes de explotacións avícolas de carne de curral (da especie *Gallus gallus*) e porcinas de cría e ceba, en réxime de intensivo ao aire libre, situadas na Comunidade Autónoma de Galicia, que subscriban os contratos de xeito voluntario e por un período mínimo de cinco anos, se comprometan a mellorar nas súas explotacións as condicións de benestar animal impostas na normativa vixente, e que cumpran os requisitos dunha ou varias medidas que se establecen neste anexo.

Os solicitantes deben estar inscritos no REGA e cumprir as condicións de produción que se establecen na convocatoria, en toda ou en parte da súa explotación, pero deben respectar na súa totalidade, as obrigas en materia de política ambiental, especialmente no relativo á directiva de nitratos.

#### Compromisos comúns a todas as subseccións.

\* Cumprir os requisitos mínimos en relación ao benestar animal no punto B do anexo III.

\* Presentar un plan de benestar animal.

\* Cumprir as obrigas en materia de política ambiental.

\* Cumprir a normativa sectorial en materia de sanidade animal.

\* Levar rexistro diario dos parámetros nas instalacións: temperatura, humidade, tratamentos médicos e taxa de mortalidade dos animais.

\* Levar a cabo unha axeitada xestión de residuos de subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

\* Formar aos traballadores en materia de benestar animal.

\* Cumprir as obrigas de prevención de riscos laborais na explotación.

## 1. Avicultura de curral.

### 1.1. Obxectivos.

Preténdese a adopción de sistemas de cría de animais en avicultura que, superando as normas obrigatorias de aplicación garantan o seu benestar e sanidade, permitindo ademais o mantemento dunha explotación viable e produtiva.

### 1.2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios os titulares de explotacións que consideren os métodos descritos no anexo IV puntos c), d) e e) do Regulamento (CEE) nº 1538/91 da Comisión, do 5 de xuño de 1991, e o Regulamento (CEE) nº 1538/1991 que o modifica, no relativo ao acceso das aves de curral aos espazos libres.

Os sistemas de explotación considerados nesta medida son:

a) Galiñeiro con saída libre.

b) Granxa ao aire libre.

c) Granxa de cría en liberdade.

### 1.3. Compromisos da subsección avicultura de curral de carne.

\* Criar animais da especie *Gallus gallus*.

\* Proporcionar unha alimentación composta como mínimo dun 70% de cereais na fase de engorda.

\* Asegurar un acceso apropiado e permanente a unha cama seca e de material friable en superficie.

\* Permitir o acceso permanente aos comedeiros e bebedeiros.

\* Evitar as mutilacións sistemáticas, o illamento ou calquera tipo de inmovilización.

\* Previr as patoloxías debidas ás malas prácticas agrarias ou ás condicións de cría.

\* Os bebedeiros manteranse de maneira que se evite o derramamento de auga.

\* Tratar as aves enfermas ou sacrificálas de forma humanitaria.

\* Inspeccionar os animais dúas veces ao día.

\* Nos sistemas de explotación con galiñeiros con saída libre:

-Non superar a concentración máxima de 13 aves/m<sup>2</sup> ou non exceder os 27,5 quilogramos de peso vivo por metro cadrado.

-Dispor nos parques dunha superficie mínima de 1m<sup>2</sup>/ave de terreo cuberto de vexetación na súa maior parte.

-Dispor de trapelas cun mínimo de 10 cm<sup>2</sup>/ave ou unha lonxitude combinada, polo menos, de 4 m por cada 100 m<sup>2</sup> de edificio.

-Permitir o acceso diúrno, polo menos durante a metade da vida das aves, a unha zona ao aire libre cuberta de vexetación na súa maior parte.

-Manter unha idade de sacrificio non inferior aos 100 días.

\* No sistema de explotación de granxas ao aire libre:

-Non superar concentracións máximas de 12 aves/m<sup>2</sup> ou un máximo de 25 quilogramos por metro cadrado.

-Cada galiñeiro deberá ter menos de 4.800 polos.

-Dispor nos parques dunha superficie mínima 2 m<sup>2</sup> por ave de terreo cuberto de vexetación na súa maior parte.

-Dispor de trapelas cun mínimo de 10 cm<sup>2</sup>/ave ou cunha lonxitude combinada, polo menos, de 4 m por cada 100 m<sup>2</sup> de edificio.

-Engordar aves dunha estirpe recoñecida como de crecemento lento.

-Manter unha idade de sacrificio non inferior aos 81 días.

-A engorda nas gaiolas non poderá superar os 15 días en animais de mais de 90 días.

-Permitir o acceso continuo durante o día a un espazo ao aire libre como mínimo a partir das 6 semanas.

\* No caso de cría en liberdade os compromisos son os mesmos que coa granxa ao aire libre, pero o acceso das aves ao parque será continuo e os espazos serán de superficie ilimitada.

## 2. Porcino ao aire libre.

### 2.1. Obxectivos.

Preténdese a adopción de sistemas de cría de animais en produción porcina que, superando as normas obrigatorias de aplicación garantan o seu benestar e sanidade, permitindo ademais o mantemento dunha explotación viable e produtiva.

### 2.2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios os titulares de explotacións extensivas de reprodución e ceba de porcino, que consideren os métodos descritos nesta orde e se comprometan a mellorar nas súas instalacións as condicións de benestar impostas pola normativa vixente, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os sistemas de explotación considerados nesta medida son:

- a) Explotacións de porco cebado.
- b) Explotacións de reprodutoras.

### 2.3. Compromisos do porcino ao aire libre:

Manter un censo mínimo de 5 UGM.

No caso de explotacións de cebo.

\* Permitir aos animais estar ao aire libre un mínimo de 6 horas diarias e durante, polo menos, un mes.

\* A idade mínima do animal ao sacrificio será de 210 días e deberase manter na explotación un mínimo de 100 días.

\* O peso vivo mínimo no momento do sacrificio será de 85 kg.

No caso de explotacións de reprodutoras.

\* A idade mínima do primeiro parto será de 10 meses.

\* Permitir o acceso ao aire libre desde as parideiras.

## C. Axuda complementaria.

### 1.1. Obxectivos.

Axudas para compensar produtores de viñado ou horta e que debido á pequena superficie da súa explotación teñen custos máis altos pola adopción dos compromisos xerais do CES e específicos das axudas agroambientais.

Estas axudas non están ligadas á superficie e serán financiadas con fondos propios de acordo co Regulamento (CE) 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

### 1.2. Beneficiarios.

Destinada a solicitantes do CES, titulares de explotacións agrarias de orientación produtiva en horta, viñado, leite, avicultura de carne ou porcino, que manteñan a súa actividade durante un período mínimo de 5 anos e que non superen os 2.000 euros de pagamento no conxunto de axudas a que teñan dereito.

Os produtores con orientación produtiva de horta ou viñado deberán ser beneficiarios dalgunha das axudas agroambientais seguintes:

1º Variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética.

2º Control integrado e produción integrada.

3º Agricultura e gandaría ecolóxica.

4º Loita contra a erosión en medios fráxiles.

Os produtores con orientación produtiva de leite deberán ter unha cota superior aos 50.000 kg e ser

beneficiarios da axuda agroambiental de utilización racional de recursos forraxeiros. Deberán cumprir os compromisos específicos para a utilización de sistemas extensivos na alimentación de explotacións de produción de leite e cebo de ruminantes (punto 6.3.6 alínea A deste anexo) ou os compromisos específicos para a utilización de sistemas de pastoreo en explotacións de produción de leite e cebo de ruminantes (punto 6.3.7 alínea A deste anexo).

Os produtores con orientación produtiva de porcino ou avicultura deberán ser beneficiarios dalgunha das axudas do benestar animal seguintes:

1º Sistemas de explotación de avicultura de curral de carne.

2º Sistemas de explotación de cría de cebo de porcino ao aire libre.

### 1.3. Compromisos.

Os solicitantes deberán cumprir os compromisos establecidos no artigo 5º desta orde e os específicos das medidas escollidas recollidos neste anexo.

## ANEXO II

### Cuantía máxima das primas unitarias

A. Primas unitarias máximas nas distintas submedidas agroambientais.

Código	Submedida/prima	Ud.	Prima euros
1	Variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética		
1.1	Cultivos herbáceos	ha	302,5
1.2	Cultivos leñosos	ha	522,5
2	Control integrado de tratamentos fitopatolóxicos e produción integrada		
2.1	Control integrado		
2.1.1	Herbáceos de secaño	ha	59
2.1.2	Herbáceos de regadío	ha	84
2.1.3	Froiteiras de secaño	ha	70
2.1.4	Froiteiras de pebida	ha	141
2.1.5	Froiteiras de carabuña	ha	177
2.1.6	Oliveiral	ha	125
2.1.7	Hortícolas ao aire libre	ha	198
2.1.8	Hortícolas baixo plástico	ha	420
2.1.9	Viñado para vinificación	ha	369
2.1.10	Cítricos	ha	273
2.2	Produción integrada		
2.2.1	Herbáceos de secaño	ha	77
2.2.2	Herbáceos de regadío	ha	109
2.2.3	Froiteiras de secaño	ha	91
2.2.4	Froiteiras de pebida	ha	183
2.2.5	Froiteiras de carabuña	ha	230
2.2.6	Oliveiral	ha	163
2.2.7	Hortícolas ao aire libre	ha	257
2.2.8	Hortícolas baixo plástico	ha	545
2.2.9	Viñado para vinificación	ha	480
2.2.11	Cítricos	ha	355
3	Agricultura e gandaría ecolóxica		
3.1	Agricultura ecolóxica		
3.1.1	Herbáceos de secaño	ha	182
3.1.2	Herbáceos de regadío	ha	259
3.1.3	Froiteiras de secaño	ha	120
3.1.4	Froiteiras de pebida	ha	328
3.1.5	Froiteiras de carabuña	ha	364
3.1.6	Oliveiral	ha	264
3.1.7	Hortícolas ao aire libre	ha	310
3.1.8	Hortícolas baixo plástico	ha	504
3.1.9	Viñado para vinificación	ha	765
3.1.10	Cítricos	ha	450
3.2	Gandaría ecolóxica		
3.2.1	Pastos e restrollos	ha	126
3.2.2	Prados e pasteiros	ha	180

Código	Submedida/prima	Ud.	Prima euros
3.3	Apicultura ecolóxica	ha	28,5
3.4	Transición agricultura ecolóxica		
3.4.1	Herbáceos de secaño	ha	209
3.4.2	Herbáceos de regadío	ha	298
3.4.3	Froiteiras de secaño	ha	138
3.4.4	Froiteiras de pebida	ha	377
3.4.5	Froiteiras de carabuña	ha	419
3.4.6	Oliveiral	ha	304
3.4.7	Hortícolas ao aire libre	ha	357
3.4.8	Hortícolas baixo plástico	ha	580
3.4.9	Viñedo para vinificación	ha	880
3.4.10	Cítricos	ha	518
3.2	Transición gandaría ecolóxica	h	
3.2.1	Pastos e restollos	ha	145
3.2.2	Prados e pasteiros	ha	207
3.3	Transición apicultura ecolóxica	ha	33
4	Loita contra a erosión		
4.1	Cultivos herbáceos	ha	60
4.2	Cultivos leñosos	ha	140
5	Mantemento de razas autótonas puras en perigo de extinción	UGM	150
6	Utilización racional de recursos forraxeiros na explotación		
6.0.1	Prima base xeral	ha	100
6.0.2	Prima base de bovino	ha	155
6.1.1	Prima complementaria de roza con menos do 50% de matogueira (adicional á prima base)	ha	120
6.1.2	Prima complementaria de roza con máis do 50% de matogueira (adicional á prima base)	ha	180
6.1.3	Prima complementaria de sementeira posterior á roza (adicional á prima base)	ha	44
6.2	Prima complementaria de pastoreo con razas autótonas (adicional á prima base)	ha	14
6.3.1	Prima complementaria por redución de gando bovino (adicional á prima base de bovino)	ha	180
6.3.2	Prima complementaria por redución de gando ovino e cabrún (adicional á prima base xeral)	ha	63
6.4	Prima base de sistemas extensivos en vacún de leite e cebo	ha	112
6.5	Prima base de utilización sistemas de pastoreo en vacún de leite e cebo	ha	218
7	Apicultura para a mellora da biodiversidade en medios fráxiles	ha	10,5
8	Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos incluídas na Rede Natura 2000		
8.0.1	Prima base bovino	ha	270
8.0.2	Prima base ovino	ha	148
8.1.1	Prima complementaria de roza con menos do 50% de matogueira (adicional á prima base)	ha	140
8.1.2	Prima complementaria de roza con máis do 50% de matogueira (adicional á prima base)	ha	200
8.1.3	Prima complementaria de sementeira posterior á roza (adicional á prima base)	ha	64
8.2	Prima complementaria de pastoreo con razas autótonas (adicional á prima base)	ha	24

### B. Primas unitarias máximas nas submedidas de benestar animal.

Código	Submedida/prima	Ud.	Prima euros
1	Aves de curral (carne)	UGM	58,33
	Axuda máxima por explotación		2.500
2	Explotacións de porcino ao aire libre		
2.1	Porcas nai	UGM	70,00
2.2	Porcos de cebo	UGM	135,14
	Axuda máxima por explotación		2.500

### ANEXO III

A. Compromisos básicos das axudas a produtores agrarios que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe.

Os seguintes compromisos serán de aplicación a todas as axudas da medida relativa aos produtores que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe (axudas agroambientais) incluídas no punto 1 b) do artigo 3 desta orde.

#### 1. No relativo a evitar a erosión do solo:

-Non labrar na dirección da pendente cando esta sexa maior do 10% en terras de cultivo ou do 15% en cultivos leñosos, excepto en parcelas inferiores a 1 ha ou de forma complexa.

-En cultivos herbáceos de inverno non se labrará entre a data de recolección e o 1 de agosto.

-En barbeito, terras de retirada, ou terras non cultivadas realizaranse as prácticas tradicionais de cultivo, de mínima labra ou de mantemento dunha superficie vexetal adecuada.

-En zonas de alto risco de erosión respectaranse as pautas de rotación de cultivos e os tipos de cuberta vexetal adecuados.

-As terrazas de retención manteranse en bo estado de conservación.

#### 2. No relativo á conservación da materia orgánica do solo:

-Non se queimarán restollos, salvo por razóns fitosanitarias e coa autorización correspondente, cumprindo coas normas de prevención de incendios.

-Eliminaranse os restos de colleita e poda de forma adecuada (compostaxe, enterramento, etc...).

#### 3. No relativo ao mantemento de estrutura do solo e evitar a compactación:

-En terreos saturados ou encharcados non se empregarán vehículos nin maquinaria salvo que sexa para realizar tratamentos fitosanitarios, recollida de colleita ou subministración de alimento ao gando.

#### 4. No relativo ao mantemento mínimo das superficies agrarias:

-Non se queimarán sen autorización, nin se roturarán pastos permanentes salvo para rexeneración.

-En pastos permanentes manterase unha carga gandeira igual ou superior a 0,4 UGM/ha en zonas de montaña, 0,7 UGM/ha en zonas desfavorecidas e 0,9 UGM/ha no resto das zonas. No caso de pastos permanentes en que non se alcance a carga gandeira adecuada, evitarase a invasión arbustiva.

-En terras de cultivo evitarase a invasión de especies de vexetación espontánea non dexexables, definidas pola Consellería do Medio Rural e que son: *Senecio spp*, *Rumex spp*, *Cirsium spp*.

#### 5. No relativo para evitar a deterioración dos hábitats:

-Manteranse as características topográficas e os elementos estruturais do terreo. Para poder facer modificacións será precisa a autorización administrativa correspondente.

-Non se aplicarán produtos fitosanitarios, lodos de depuradora, fertilizantes, compost, xurros ou esterco sobre terreos encharcados ou con neve nin sobre augas correntes ou estancadas.

-As explotacións gandeiras en estabulación permanente ou semipermanente contarán con depósitos de esterco/xurro estancos e de capacidade suficiente ou ben da xustificación do sistema de retirada destes.

## 6. Fertilizantes:

### 6.1. Normativa xeral sobre utilización de fertilizantes.

Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, que regula os aspectos do Regulamento (CE) nº 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes: esta disposición ten por obxecto previr os riscos para a saúde e o ambiente polo uso de determinados produtos fertilizantes; para tal fin, define e tipifica os produtos fertilizantes, regula o procedemento para a inscrición previa á posta no mercado destes produtos e crea o Rexistro de Produtos Fertilizantes.

### 6.2. Protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias.

En aplicación da Directiva do Consello 91/676/CEE, do 12 de decembro, relativa á protección de augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura, trasposta ao ordenamento xurídico español a través do Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, aprobouse por Orde do 7 de setembro de 1999, o Código galego de boas prácticas agrarias (*Diario Oficial de Galicia* nº 181, do 17 de setembro), que aconsella unha serie de actuacións nas prácticas agrícolas e gandeiras máis comúns, tendentes á diminución da incidencia ambiental dos fertilizantes nitrogenados, propóñense unha serie de medidas e prácticas dirixidas a reducir a contaminación por nitróxeno. Entre estas prácticas recomendadas propóñense actuacións relacionadas cos seguintes aspectos:

-Períodos en que é recomendable a aplicación de fertilizantes ás terras: os fertilizantes deberanse distribuír cando se prevea a súa posible utilización polas plantas, é dicir coa antelación suficiente para que a planta en desenvolvemento sexa capaz de aproveitálos. Para isto terase en conta o tempo da transformación das distintas formas de nitróxeno en formas nítricas e amoniacais que son as máis asimilables.

-Detalla as épocas máis aconsellables para a fertilización en diferentes cultivos, atendendo ao seu estado fenolóxico e ao tipo de fertilizante.

-Aplicación de fertilizantes aos terreos pendentes:

\* En función do grao de pendente que teñan, da cuberta vexetal existente, se é pradaría permanente ou cultivos anuais, ou tipo de terreo, areoso ou compacto, da forma de parcela e sentido de traballo, utilizaranse fertilizantes ou non.

\* A aplicación de xurros deberá facerse, tendo en conta os períodos do punto anterior, cando non haxa

perigo de choivas fortes, sen ventos secos e/ou fortes e, se é posible, cunha choiva lixeira que fixe os gases.

\* Procurar non utilizar nin xurros nin tampouco fertilizantes minerais, cando se vaian dar regas fortes.

\* Non utilizar para a distribución de xurros canóns de aspersión de alta presión (máis de 3 bares no aspersor).

\* Logo dun incendio forestal sementar especies sen realizar fertilización.

\* Aplicación de fertilizantes a terras en terreos hidromorfos, alagados, xeados ou cubertos de neve

\* Condicións de aplicación de fertilizantes en terras próximas a cursos de auga: como normas xerais, e respectando tanto as doses fertilizantes como as épocas de aplicación indicadas, aconséllase:

-Deixar unha zona de entre 2 e 10 metros de largo na beira do curso sen fertilizar, evitando calquera goteo neles. O largo da zona estará en función da altura da cuberta vexetal, a menos altura máis largura.

-Non aplicar efluentes orgánicos nun raio de 35-50 m ao redor dunha fonte, pozo ou perforación que subministre auga para consumo humano. Se o terreo é moi permeable aumentar o raio.

-Non establecer patios de exercicio, sen pavimento, nin parcelas de castigo (zonas ao aire libre onde pasa longos períodos o gando concentrado) nas proximidades das mesmas fontes de auga.

-Capacidade e deseño dos tanques de almacenamento de esterco e medidas para evitar a contaminación da auga por escorrentía e filtración, en augas superficiais ou subterráneas, de líquidos que conteñan esterco e residuos procedentes de produtos vexetais almacenados

-Xestión do uso das terras con referencia aos sistemas de rotación de cultivos e á proporción da superficie de terras dedicadas a cultivos permanentes en relación con cultivos anuais. Mantemento durante períodos chuviosos dun manto mínimo de vexetación que absorba o nitróxeno do solo, que pola contra podería causar fenómenos de contaminación de auga por nitratos.

-Establecemento de plans de fertilización acordes coa situación particular de cada explotación e a consignación en rexistros do uso de fertilizantes.

-Prevención da contaminación das augas debido á escorrentía e á lixiviación nos sistemas de rega.

### 6.3. Outras normas relativas á utilización de fertilizantes.

Ademais dos anteriores, outros requisitos en relación coa utilización de fertilizantes e fitosanitarios establécense nas seguintes normas:

-Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización de lodos de depuración no sector agrario.

-Orde do 26 de outubro de 1993, que desenvolve o Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización de lodos de depuración no sector agrario.

6.4. Outras condicións que hai que ter en conta para a utilización de fertilizantes.

A nutrición vexetal, factor básico para un óptimo desenvolvemento dos cultivos, depende da capacidade do solo para subministrar todos e cada un dos elementos nutritivos en forma, cantidade e momento adecuado ás súas exixencias. A situación do solo en relación con esta capacidade de abastecer as necesidades das plantas nos diferentes elementos nutritivos é o que se denomina fertilidade do solo, e é un dato fundamental para o establecemento da dose de fertilización. Será, pois, obrigatoria a realización de análíticas de solos para establecer a programación anual de fertilización, e os seus resultados incorporaranse ao caderno de explotación. Así mesmo, utilizaranse preferentemente fertilizantes orgánicos en substitución de fertilizantes nitroxenados de síntese, non se permitirá o uso de esterco fresco. Para rematar, fíxase un valor numérico de 150 unidades fertilizantes de nitróxeno como límite superior, que está por baixo do límite de 170 unidades existente.

## 7. Fitosanitarios:

7.1. Disposicións xerais sobre utilización de fitosanitarios:

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, recolle expresamente entre os seus obxectivos o de previr os riscos que para a saúde das persoas e animais e contra o ambiente poidan derivar do uso dos produtos fitosanitarios. Para tal fin, existe unha serie de condicións xerais para o uso de medios de defensa fitosanitaria. Cabe destacar as seguintes disposicións relacionadas coa utilización de produtos fitosanitarios:

Define os medios de defensa fitosanitaria como os produtos, organismos, equipamentos, maquinaria de aplicación, dispositivos e elementos destinados a controlar os organismos nocivos, evitar os seus efectos ou incidir sobre o proceso vital dos vexetais de forma diferente aos nutrientes. Señala que os medios de defensa fitosanitaria deberán ser utilizados adecuadamente, tendo en conta as boas prácticas fitosanitarias e demais condicións determinadas na súa autorización e, se é o caso, de acordo cos principios da loita integrada (definida como a aplicación racional dunha combinación de medidas biolóxicas, biotecnolóxicas, químicas, de cultivo ou de selección de vexetais, de modo que a utilización de produtos fitosanitarios se limite ao mínimo necesario para o control das pragas).

No artigo 23º indica as condicións xerais de comercialización e uso dos medios para a defensa fitosanitaria:

-Estar autorizado conforme as disposicións da lei, salvo as excepcións previstas nos artigos 44º e 45º,

en que será suficiente a comunicación previa á autoridade competente.

-Estar, se é o caso, etiquetados, incluíndo polo menos a información necesaria sobre a súa identidade, riscos, precaucións que hai que adoptar e para a súa correcta utilización.

-Cando, pola súa natureza, non corresponda a súa etiquetaxe, deberáselles xuntar a información necesaria para a súa correcta utilización e mantemento.

No artigo 24º regúlase o rexistro e información sobre medios de defensa fitosanitaria nos seguintes termos:

-As autorizacións, comunicacións e decisións de recoñecemento de autorizacións, inscribíranse de oficio no Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

-No rexistro manterase actualizada a información relativa aos medios de defensa fitosanitaria legalmente utilizables en España, dos seus posibles usos, das características e condicións que limitan a súa utilización e dos requisitos que determinan as boas prácticas fitosanitarias.

En canto á utilización de produtos fitosanitarios, o seu artigo 41 establece que os usuarios e quen manipulen produtos fitosanitarios deberán:

-Estar informado das indicacións ou advertencias que figuren nas etiquetas e instrucións de uso ou, se é o caso, mediante o asesoramento adecuado, sobre todos os aspectos relativos á custodia, adecuada manipulación e correcta utilización destes produtos.

-Aplicar as boas prácticas fitosanitarias, atendendo as indicacións ou advertencias sinaladas, entendendo por boas prácticas a utilización dos produtos fitosanitarios e demais medios de defensa fitosanitaria baixo as condicións de uso autorizadas.

-Cumprir os requisitos de capacitación establecidos pola normativa vixente, en función das categorías ou clases de perigo dos produtos fitosanitarios.

-Observar, se é o caso, os principios da loita integrada que resulten aplicables.

-Cumprir as disposicións relativas á eliminación dos envases baleiros de acordo coas condicións establecidas e, en todo caso, con aquelas que figuren nas súas etiquetas.

Ademais, quen preste servizos de aplicación de produtos fitosanitarios, ademais de cumprir os requisitos xerais anteriores, deberá:

-Dispor de persoal cos niveis de capacitación exixibles.

-Dispor dos medios de aplicación adecuados e manter un réxime de revisións periódicas do seu funcionamento.

-Realizar en cada caso un contrato en que deberán constar, polo menos, os datos da aplicación que se

vaia realizar e as condicións posteriores que, se é o caso, corresponda cumprir ao usuario do servizo.

7.2. Normas específicas sobre a autorización e uso de produtos fitosanitarios.

Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios: entre outros aspectos, recolle disposicións relativas á utilización de produtos fitosanitarios e dispón que só poderán utilizarse os produtos autorizados. Ademais, os produtos fitosanitarios deben utilizarse adecuadamente, o que supón o cumprimento das condicións da súa autorización indicadas na súa etiqueta, a aplicación dos principios das boas prácticas fitosanitarias e, sempre que sexa posible, dos relativos á loita integrada. Para garantir a correcta utilización dos produtos fitosanitarios, cada comunidade autónoma establecerá un programa de vixilancia da súa correcta utilización en que, polo menos, se determinará a natureza e frecuencia dos controis que deban levarse a cabo, os cales deberán ser conformes, cos requisitos de información requiridos pola Comisión Europea. Os resultados dos controis efectuados deberán ser remitidos ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño para elaborar a información que hai que fornecer á Comisión Europea.

7.3. Obrigas dos titulares de explotacións agrarias en materia de rexistro do uso de información sobre o uso de produtos fitosanitarios.

Orde APA/326/2007, do 9 de febreiro, pola que se establecen as obrigas dos titulares de explotacións agrarias e forestais en materia de rexistro do uso da información sobre o uso de produtos fitosanitarios: establece os datos que se deben rexistrar como consecuencia da utilización de produtos fitosanitarios e outros praguicidas para a protección das colleitas destinadas a seren consumidas como pensos ou alimentos, incluídas as fases de cultivo, almacenamento e transporte, para cumprir o Regulamento (CE) nº 852/2004, do Parlamento Europeo e o Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene nos produtos alimenticios e o Regulamento (CE) nº 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan os requisitos en materia de hixiene dos pensos. Esta norma obriga os agricultores a levaren un rexistro de datos da explotación no que deben facer constar unha serie de datos en relación a cada tratamento praguicida realizado (cultivo, praga, motivo do tratamento, produto utilizado e nº de rexistro), para cada control de praguicida realizado (cultivo mostrado, substancias activas detectadas, nº do boletín de análise e laboratorio que o realiza) e para cada colleita comercializada (produto vexetal, cantidade expedida, nome do cliente).

7.4. Outra normativa relacionada cos produtos fitosanitarios:

-Real decreto 1416/2001, do 14 de decembro, sobre envases de produtos fitosanitarios.

-Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de

praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal.

-Orde do 1 de febreiro de 1991 pola que se modifica o anexo da Orde do 7 de setembro de 1989, sobre a prohibición da comercialización e utilización de certos produtos fitosanitarios en aplicación das Directivas 90/335/CEE e 90/533/CEE.

-Orde do 7 de setembro de 1989 sobre prohibición de comercialización e utilización de produtos fitosanitarios que conteñen certos ingredientes activos, en aplicación da Directiva 79/117/CEE do Consello das Comunidades Europeas e as súas posteriores modificacións.

-Orde do 28 de febreiro de 1986 relativa á prohibición da comercialización e utilización de produtos fitosanitarios que conteñen certas substancias activas, en aplicación das directivas 79/117/CEE do Consello e 83/131/CEE e 85/298/CEE da Comisión das Comunidades Europeas.

-Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

-Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

-En canto a produtos de protección de plantas, só estarán permitidos aqueles que posúan a clasificación toxicolóxica Xn ou T pero Xn ou T pero admitiranse produtos que inclúan entre as súas frases de risco o termo moi tóxico. Utilizaranse preferentemente produtos biolóxicos ou biorracionais. Así mesmo, empregaranse técnicas de loita oportuna para o establecemento do momento óptimo de tratamento.

7.5. Normas sobre capacitación e formación para a utilización de fitosanitarios.

A regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas, aprobada polo Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, e modificada polos reais decretos 162/1991, do 8 de febreiro, e 443/1994, do 11 de marzo, establece que o persoal de empresas que preste servizos de tratamentos con praguicidas debe superar os correspondentes cursos de capacitación homologados, e que cando haxa que utilizar praguicidas clasificados, conforme a devandita regulamentación como moi tóxicos, así como os tóxicos autorizados para uso ambiental, os aplicadores deberán superar os correspondentes cursos de capacitación, aínda no caso de que o tratamento se realice para fins propios. Pola súa banda, a Directiva do Consello 91/414/CEE, do 15 de xullo, prevé a adaptación das normativas nacionais en materia de subministración de certos produtos fitosanitarios a determinadas clases de usuarios, polo que é necesario diferenciar distintos niveis de capacitación.

No ámbito estatal, a Orde do 8 de marzo de 1994, modificada pola Orde PRE2922/2005, que establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, define, no número un do punto segundo, os niveis de capacitación, especificando os programas no seu anexo.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de

Sanidade e Servizos Sociais, establece a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas así como para a obtención do carné de manipulador destes produtos. No seu artigo 9 establece a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que vaia realizar. Os cursos están dirixidos ás persoas que queiran adquirir un dos seguintes niveis de capacitación:

-Nivel básico: dirixido a agricultores que realizan na súa explotación os tratamentos fitosanitarios sen persoal auxiliar, persoal de establecementos fitosanitarios e persoal auxiliar de empresas de tratamentos fitosanitarios.

-Nivel cualificado: dirixido a agricultores que realizan na súa explotación os tratamentos fitosanitarios con persoal auxiliar, responsables de empresas de tratamentos fitosanitarios e responsables de empresas de distribución de fitosanitarios.

#### B. Requisitos mínimos en relación ao benestar animal.

En todos os casos os beneficiarios deberán cumprir as normas de hixiene e benestar animal, contidas na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

Así mesmo, os beneficiarios deberán cumprir as normas de hixiene e benestar animal, de carácter xeral contidas no Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 98/58/CE, do Consello, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, así como a normativa específica de aplicación para determinados animais, en particular.

-Real decreto 441/2001, do 27 de abril, que modifica o Real decreto 348/2000 relativo á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

-Directiva 96/61/CE, e a súa transposición a ordenamento xurídico español mediante a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (afecta a cría intensiva de aves de curral e porcos en instalacións que dispoñan de máis de 40.000 prazas para aves de curral e 2.000 prazas de porcos de cría de máis de 30 kg ou 750 nas prazas de porcas.

##### a) Porcos.

-Directiva 91/630/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991 relativa as normas mínimas de protección de porcos.

-Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativa ás normas mínimas de protección de porcos.

-Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (afecta a cría intensiva de aves de curral e porcos en instalacións que dispoñan de máis de 40.000 prazas para aves de curral e 2.000 prazas de porcos de cría de máis de 30 kg ou 750 nas prazas de porcas.

##### b) Avicultura de carne.

-Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne.

-Outras normas de carácter xeral:

-Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección de animais no momento do sacrificio ou matanza, modificado polo Real decreto 731/2007, do 8 de xuño.

-Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (afecta a cría intensiva de aves de curral e porcos en instalacións que dispoñan de máis de 40.000 prazas para aves de curral e 2.000 prazas de porcos de cría de máis de 30 kg ou 750 nas prazas de porcas.

-Regulamento (CE) nº 1/2005 do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas.

-Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais, e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción.

#### ANEXO IV

##### Equivalencias entre submedidas agroambientais 2000-06 e 2007-13

Submedidas 2000-2006	Submedidas 2007-2013
Control integrado	Control integrado
Producción integrada	Producción integrada
Agricultura ecolóxica	Agricultura ecolóxica
Gandaría ecolóxica	Gandaría ecolóxica
Mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción	Mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción
Mellora e conservación do medio físico en zona de prados e pastos	Utilización dos recursos forraxeiros da explotación
Redución do gando	
Xestión racional de sistemas de pastoreo	
Contorno do lobo	

#### ANEXO V

##### Animais de razas autóctonas e variedades vexetais en perigo de extinción válidos para as axudas agroambientais

##### Animais de razas autóctonas en perigo de extinción:

Raza	Especie animal
Cachena	Vacún
Caldelá	
Limiá	
Vianesa	
Frieiresa	
Ovella galega	Ovino
Cabalo de pura raza galega	Cabalo
Porco celta	Porcino
Galiña de Mos	Galináceas

##### Variedades vexetais en perigo de extinción:

Variedade vexetal	Produto	Código produto
Trigo callobre	Trigo	1
Faba galaica (clase comercial Fabada)	Feixón seco	77
Faba do marisco ou verdiña		
Faba de ril (clase comercial White Kidney)		
Pemento de Arnoia	Pemento	78
Pemento de Herbón		
Pemento do Couto		
Pemento de Ombra		
Grelo de Santiago	Grelas	79
Grelo branco de Lugo		
Fina de Carballo	Pataca	93
Merenzao	Viñedo vinificación	102
Brancellao		
Sousón		
Ferrón ou Ferrol		
Espadeiro		
Caño tinto		
María ordoña ou bastardo		
Loureira		
Caño branco		
Monstruosa ou branca de Monterrei		

**ANEXO VI**  
**Documento acreditativo da transferencia de compromisos**

Persoa que transfire os compromisos

Apelidos e nome
DNI / CIF

**PERSOA QUE ASUME OS COMPROMISOS**

Apelidos e nome
DNI / CIF
Causa que motiva a transferencia:

Explotación transferida

¿É obxecto de transferencia a TOTALIDADE da explotación? SI/NON (Rísquese o que NON proceda)

Superficie transferida  ha

UGM transferidas  UGM

Relación de parcelas agrícolas transferidas					Relación de animais transferidos		
Provincia	Concello	Polígono	Parcela	Superficie	Nº identificación animal	Raza	UGM

En ..... o .... de ..... de 200....

TRANSFIRE OS COMPROMISOS

ASUME OS COMPROMISOS

Asdo: ..... Asdo:.....